Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da implantación dun plan de rexeneración das rías galegas para a lexislatura 2016-2020, e as actuacións que vai levar a cabo para diminuír eficazmente os seus niveis de contaminación

- 57985 - 56902 (10/PRE-017802)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre os datos referidos á execución das obras de reforma do hospital materno-infantil e de construción do novo edificio de hospitalización anunciadas polo Goberno galego no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, así como o orzamento que se vai destinar no ano 2020 para eses fins

O que lle comunico para o seu coñecemento.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na execución dos acordos adoptados na sesión plenaria do día 22 de outubro de 2019

Advertido un erro material na execución dos acordos adoptados na Sesión plenaria do día 22 de outubro de 2019, publicados no BOPG núm. 554 do 25.10.2019, procédese á súa corrección nos seguintes termos:



Nas páxinas 183182 e 183186, onde di «**Debate de non toma en consideración**», debe dicir: «**Re-
xeitamento da toma en consideración**»

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2019
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa dos seus deputados **Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez e Francisco Casal Vidal**, ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei de mellora da mobilidade sostible nas estradas e rúas de Galicia ou Lei do carril-bicicleta, de modificación da Lei 8/2013 de Estradas de Galicia e da Lei 2/2016 do Solo de Galicia**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Nun contexto de emerxencia climática é necesario cambiar o modelo de transporte e mobilidade. Precisamos ser máis verdes, sen retroceder ao tempo dos nosos avós e avoas no que se dirixían en todo tipo de traxectos andando, ben fora aos seus traballos, feiras e festas.

O tempo é ouro pero tamén o é o medio ambiente no que vivimos, e temos que respectalo e coidalo para deixarllo ás xeracións vindeiras en condicións de habitabilidade. O noso planeta esixe pasos pequenos a nivel local que teñan repercusión de no ámbito global.

A mobilidade e as novas formas de desprazamento, sostibles desde un punto de vista ecolóxico, patinetes, bicicletas, e outras que chegarán a popularizarse como como os vehículos eléctricos ou emisións cero, híbridos, biofuel avanzado, e sintéticos e renovables fúeis supuxeron unha verdadeira revolución no sistema de transporte e mobilidade, non exentos de polémica en moitas ocasións pola falta de espazo nas estradas do noso país.

En Galicia, timidamente van aparecendo estes novos medios de transporte, como tal, é dicir, non usados para tempos de lecer. Así, a bicicleta converteuse nun medio de transporte para moita xente, polo seu abaratamento e tamén polo mantemento, así como os patinetes eléctricos, o uso compartido dos vehículos e o



seu aparcamento as aforas das cidades para un mellor aforro e desprazamento compartido.

Estas novas modalidades de uso dos vehículos compartido darán lugar a unha racionalización do uso dos mesmos nas cidades, e potenciará o uso do transporte público, que ten que incrementar a súa frecuencia, horarios e percorridos para unha mellora nas condicións e na calidade de vida das persoas que o usan así como o abandono paulatino daqueles máis contaminantes, para convertes as cidades en espazos urbanos onde convivan peóns, xente que empregue os transportes alternativos, bicicletas e o uso de vehículos cero emisións, revertendo a situación de contaminación actual.

Aínda así nos inicios, as bicicletas toparon de fronte cos vehículos e motocicletas, que supuñan un desprazamento máis áxil e no que as vías estaban pensadas para estes e non había un entendemento entre as persoas condutoras de ambos vehículos. Iso deu paso á creación de carrís exclusivos para o uso de bicicletas no medio urbano e periurbano, coa finalidade de reducir os accidentes producidos con estas. Os carrís bici popularizáronse na maior parte do noso país aínda que queda moito camiño por recorrer.

As emisións cero dos vehículos eléctricos, e a axilidade que permiten fan desta alternativa para desprazamentos curtos, urbanos ou interurbanos, unha opción ideal naqueles desprazamentos máis curtos. Hai que mellorar pois as estacións de recarga e a investigación en I+d+i permitirá ampliar o tempo de conducción dos mesmos sen ten que recargar constantemente. O aluguer dos mesmos ten sido un revulsivo nalgúns cidades para a súa implantación. O abaratamento nos prezos e a ampliación da duración das baterías, así como a ampliación das infraestruturas de recarga nas estacións de servizo e noutros puntos das cidades permitirán o avance e popularización deste medio de transporte e a substitución do parque móbil.

Ademais, no caso das bicicletas, a ampliación cos motores eléctricos, semellan ideais para aqueles quilómetros nos que se precisa axuda adicional extra, e fan destes vehículos un sistema axeitado para reverter a contaminación e o deterioro



do medio ambiente e ademais, que contribúe a manter a poboación activa e en bo estado de saúde, xa que hai estudos que demostran o seu beneficio nos sistema cardiovascular das persoas usuarias.

É importante artellar a vertebración do territorio mediante o transporte público, con liñas, horarios e recorridos desde aqueles aparcadoiros disuasorios, que terán que contar con conexións de alta frecuencia, recorridos e itinerarios que permitan os desprazamentos desde estes ata o centro da cidade ou o centro de traballo das persoas que comparten vehículos e que usan estes aparcadoiros.

Por outra banda, é necesaria a construción de aparcadoiros e a súa dotación con elementos de iluminación que contribúen a desconxestionar as cidades, garantindo a seguridade das persoas usuarias deles nun contexto no que hai estudos dos beneficios que reportan ao sistema de transporte público, xa que incide no uso de vehículos compartidos este sistema de aparcadoiros disuasorios sempre e cando teñan unha boa conexión co transporte urbano.

Con estes medios de transporte alternativos incídese positivamente no desconxestionamento das estradas e a redución do tránsito rodado dos vehículos, o autobús e tren facilitarían o cumprimento dos obxectivos de reversión da emerxencia e crise climática actuais coa conseguinte redución das emisións de CO2 no obxectivo de 50g/qm como máximo para os vehículos. Un informe de Greenpeace sinala que do análise dos 35,1 millóns de toneladas de CO2 da mobilidade urbana no Estado, 87% débese aos desprazamentos de persoas, 13% aos transporte de mercadorías e destas as $\frac{3}{4}$ partes ao vehículo, o 75.5% .

Por todo o anterior, o Parlamento de Galicia aproba a seguinte Lei:

Artigo 1. Modificación da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia

Un. Engádesse un novo número 1 bis ao artigo 14, “Planificación de determinados elementos funcionais” coa seguinte redacción:



“Todos os instrumentos de planificación previstos neste capítulo incorporarán unha previsión específica sobre a procedencia de implementación de aparcadoiros disuasorios e vías ciclistas”

Dous. Modifícase o artigo 17, que queda redactado do seguinte xeito:

“Artigo 17. Documentación e contido.

1. O contido dos estudos e proxectos aos que fai referencia este capítulo establecerase regulamentariamente e incluírá os documentos esixidos para os da súa natureza pola lexislación sobre contratos do sector público, avaliación de impacto ambiental, ordenación do territorio, expropiación forzosa, seguridade viaria, seguridade e saúde no traballo e demais materias transversais ou sectoriais con incidencia sobre a actuación.
2. Os estudos e proxectos aos que fai referencia este capítulo incorporarán como elementos funcionais vías ciclistas como mínimo nos treitos urbanos e travesías e aparcadoiros disuasorios sinalizados e iluminados nas inmediacións de poboacións superiores a 10 mil habitantes e nas interseccións con vías de alta capacidade”.

Artigo 2.- Modificación da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

Un. Engádese un novo apartado e) ao punto 2 do artigo 42, coa seguinte redacción “ mobilidade sostible”:

“e) Mobilidade sostible. O deseño de viais incluírá como elementos funcionais vías ciclistas, paradas de transporte público, reserva de prazas para puntos de recarga eléctrica e aparcadoiros disuasorios na súa contorna.”

Dous. Engádese un novo número 6 ao artigo 43, coa seguinte redacción:



“6. O planeamento preverá o acceso das edificacións, nunha distancia razoable, a viais aptos para unha mobilidade sostible en transporte público e ciclista.”

Tres. Engádesse un novo apartado f) ao número 4 do artigo 49 co seguinte contido:

“f) Informe sobre implementación de mobilidade sostible no transporte público, ciclista e vehículo eléctrico en todo o territorio”

Catro. Engádesse un novo número 5 ao artigo 51 coa seguinte redacción:

“5. O deseño de novos viais no plan xeral incluírá como elementos funcionais paradas de transporte público e aparcadoiros disuasorios no seu contorno, reserva de prazas para puntos de recarga eléctrica, así como vías ciclistas, e conterà a súa adaptación nos principais viais preexistentes para darlles continuidade.”

Cinco. Modifícase o apartado g) do artigo 52, coa seguinte redacción:

“g) Baseándose na análise da mobilidade:

1. Previsión de aparcadoiros de titularidade pública, que poderán localizarse incluso no subsolo dos sistemas viarios e de espazos libres, sempre que non interfiran no uso normal destes sistemas nin supoñan a eliminación ou o traslado de elementos físicos ou vexetais de interese.
2. Incorporación nos novos viais como elementos funcionais paradas de transporte público, reserva de prazas para puntos de recarga eléctrica e vías ciclistas, así como a súa adaptación nos principais viais preexistentes para darlles continuidade.”



Seis. Modifícase o contido do apartado e) do artigo 53 coa seguinte redacción:

“e) Trazado e características da rede viaria pública, coa sinalización de aliñacións e implementación de vías ciclistas e paradas de transporte público como elementos funcionais”.

Sete. Modifícase o contido do apartado c) do artigo 55 coa seguinte redacción:

“e) Trazado e características da rede viaria pública, coa sinalización de aliñacións e implementación de vías ciclistas e paradas de transporte público como elementos funcionais”.

Oito. Engádese un novo apartado e) ao número 1 do artigo 56 coa seguinte redacción:

“e) Incorporación nos novos viais como elementos funcionais paradas de transporte público e vías ciclistas, así como a súa adaptación nos principais viais preexistentes para darlles continuidade.”

Nove. Engádese un novo apartado l) ao artigo 58 co seguinte contido:

“l) Estudo sobre mobilidade sostible que contemple a implementación en todo o termo municipal como elementos funcionais dos viais as paradas de transporte público, reserva de prazas para puntos de recarga eléctrica, os aparcadoiros disuasorios e as vías ciclistas”.

Dez. Dáse unha nova redacción ao apartado d) do número 2 do artigo 63, coa seguinte redacción:



“e) Trazado e características da rede viaria pública, coa sinalización de aliñacións e implementación de vías ciclistas e paradas de transporte público como elementos funcionais”.

Once. Dáse unha nova redacción ao apartado a) do número 1 do artigo 65 co seguinte contido:

“a) Que teñan por obxecto a mellora substancial da ordenación urbanística vixente, a mobilidade sostible en transporte eléctrico, público ou ciclista, e a articulación dos espazos libres públicos e os volumes construídos, a eliminación de usos non desexables ou a incorporación doutros necesarios, a resolución de problemas de mobilidade ou ben outros fins análogos.

Doce. Dáse unha nova redacción ao apartado g) do artigo 68 co seguinte contido:

“g) Medidas necesarias e suficientes para garantir a adecuada conexión do sector cos sistemas xerais exteriores existentes e, se é o caso, a ampliación ou reforzo dos devanditos sistemas e dos equipamentos e servizos urbanos que vaian ser utilizados pola poboación futura. Igualmente, deberá resolver os enlaces coas estradas ou vías actuais, asegurando a continuidade dos elementos funcionais da mobilidade sostible e coas redes de servizos de abastecemento de auga e saneamento, subministración de enerxía eléctrica, telecomunicacións, gas e outros.”

Disposición adicional primeira. Desenvolvemento regulamentario.

A Xunta de Galicia, no ámbito das súas competencias, ditará cantas disposicións sexan necesarias para a execución e desenvolvemento regulamentario do establecido nesta lei.



Disposición adicional segunda. Mapa de aparcadoiros disuasorios, estacións de recarga de vehículos eléctricos e poboacións con carril bici.

A Xunta de Galicia levará a cabo no prazo de 3 meses, a partir do día seguinte da entrada en vigor da modificación legislativa, un mapa de Galicia no que se contabilicen:

1. O número de aparcadoiros disuasorios nas poboacións de máis de 10.000 habitantes e a súa gratuidade ou non, coa distribución por provincias, e a súa localización.
2. O número de quilómetros de carril bicicleta e as poboacións onde están situados ou entre as que discorren.
3. O número de estacións de recarga de vehículos eléctricos e a súa localización.

Tras a elaboración do mapa, o goberno queda facultado para impulsar, nos seis meses seguintes, as modificacións precisas nos instrumentos de ordenación territorial e de planeamento urbanístico para que as administracións e consellerías competentes se adapten ao disposto na norma.

Disposición adicional terceira. Publicidade dos servizos de aparcadoiros e estacións de recarga.

No prazo dun ano, a Xunta divulgará, mediante as TIC ou mediante o desenvolvemento dunha aplicación nova ou das xa existentes, a localización dos aparcamentos disuasorios e os puntos de recarga dos vehículos eléctricos.

Disposición transitoria única.

A Xunta de Galicia levará a cabo os convenios necesarios cos concellos que non dispoñan de medios suficientes para o establecemento de puntos de recarga e



ecogasolineiras, así como para a execución dos aparcadoiros disuasorios que fosen proxectados e que inda non estean executados do Plan Sectorial de Aparcadoiros Disuasorios ligados ao fomento do transporte público e da viaxe compartida nos ámbitos metropolitanos da Coruña, Ferrol, Vigo, Pontevedra, Santiago de Compostela, Lugo e Ourense e aquelas poboacións de máis de 10.000 habitantes.

Disposición derradeira.

Esta lei entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas as disposición de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto nesta lei.

ANTECEDENTES

Constitución Española.

Estatuto de Autonomía de Galicia.

Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.

Lei 2/2016, do Solo de Galicia.

Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.



Lei 10/1995, de 23 de novembro de ordenación do territorio de Galicia.

Decreto 83/2018, de 26 de xullo, polo que se aproba o plan básico autonómico de Galicia.

Decreto 80/2000, de 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.

Resolución do DOG do 5 de xuño de 2013 da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, pola que se fai pública a memoria ambiental correspondente ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica do Plan sectorial de aparcadoiros disuasorios ligados ao fomento do transporte público e da viaxe compartida nos ámbitos metropolitanos da Coruña, Ferrol, Vigo, Pontevedra, Santiago de Compostela, Lugo e Ourense, promovido pola Dirección Xeral de Mobilidade.

Lei de 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa.

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Francisco Casal Vidal

Davide Rodríguez Estévez

Deputados, deputada e Voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 22/10/2019 10:53:03

David Rodríguez Estévez na data 22/10/2019 10:53:08

Paula Vázquez Verao na data 22/10/2019 10:53:17





Francisco Casal Vidal na data 22/10/2019 10:53:32



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 163 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición de lei de modificación da Lei 37/1992, de 28 de decembre, do Imposto sobre o Valor Engadido**, para presentar diante da Mesa do Congreso, segundo o disposto no artigo 87.2 da CE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O principio de igualdade recóllese no artigo 1 da CE como valor superior do ordenamento xurídico (xunto coa liberdade, xustiza e o pluralismo político), no artigo 9.3 no que se recolle a obriga dos poderes públicos de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas e dos grupos nos que se integran sexan reais e efectivas (...) e no artigo 14 da Constitución que propugna a igualdade de todas as persoas ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou circunstancia persoal ou social recollen como principio superior e elemento configurador e que impregna todo o ordenamento xurídico.

Ademais, este artigo goza da protección especial do disposto no artigo 53.2 da CE no que se recolle o exercicio deste dereito e de todos os recollidos no Capítulo segundo do título I da CE, mediante un proceso preferente e sumario e, no seu caso ante a Tribunal Constitucional mediante o recurso de amparo.

A Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes recolle no artigo 3 o principio de igualdade de trato entre mulleres e homes que supón a ausencia de toda discriminación, directa ou indirecta, por razón de sexo e especialmente as derivadas das maternidade, a asunción de



obrigas familiares e o estado civil. Tamén se recolle a integración do principio de igualdade na interpretación e aplicación das normas, segundo se recolle no artigo 4.

Neste contexto xurídico enmárcase a Lei 37/1992, do 28 de decembro, sobre o Imposto do Valor Engadido, un imposto de natureza indirecta que grava o consumo e as operacións: entregas de bens e prestacións de servizos prestados por empresarios e profesionais, adquisicións intracomunitarias e importacións de bens.

Actualmente conta con tres tipos de tramos: o tipo de gravame xeral, que se sitúa no 21%, un gravame reducido do 10% e un tipo de gravame superreducido ao 4%.

Os produtos de hixiene feminina (compresas, tampóns, copas menstruais, protexebragas e protexetangas, bragas reciclables de absorción da regra e todos aqueles produtos que se empreguen na hixiene íntima como xabóns, xeles, toallas íntimas, etc.) grávanse cun tipo reducido do 10% xunto cos produtos anticonceptivos como os preservativos (inda que non inclúen os femininos).

As mulleres, e diferentes asociacións de defensa das persoas consumidoras, sinalan que estes produtos de hixiene feminina son de primeira necesidade, xa que o seu uso diario é imprescindible. Estes produtos empréganse de xeito constante ao longo da vida das mulleres, que os empregan unha media de 35 anos ou máis e por tanto asumen o seu elevado custo económico. Estes produtos, a maioría deles úsanse a diario, mentres que outros como as compresas, tampóns e a opción reciclable, a copa menstrual e as bragas reciclables, empréganse cada ciclo menstrual que adoita ser cada 28 días.

Esta taxa de gravame supón un agravio comparativo para a muller polo simple feito de selo, e pode considerarse a aplicación do imposto como discriminatorio, inxusto e que contribúe a perpetuar a desigualdade de xénero.

Desde unha perspectiva económica, o que pode supor un importante aforro para a muller non supón unha perda de recursos considerable para a Administración. As



estimacións realizadas indican que o custo desta medida para as arcas públicas chegará ata os 19 millóns de euros.

De feito, estas medidas xa son coñecidas en Europa xa que se enviaron no Programa de Estabilidade (APE) 2019-2022 que o Goberno do Estado enviou a Bruxelas e nos que se recolle esta redución do gravame ate o 4% “*en aras dunha fiscalidade ao servizo da igualdade entre mulleres e homes e onde se introduce pro primeira vez unha visión de xénero coa rebaixa do IVE para os produtos de hixiene feminina.*”

Finalmente, en diversos países do mundo os produtos de hixiene feminina están exentos de impostos e noutros, aplícase unha taxa superreducida, así Canadá carece de impostos para estes produtos e no Reino Unido págase un imposto do 5%, en Francia é do 5,5% e en Irlanda ao 0,5%.

Por tanto é preciso eliminar todas aquelas barreiras que como o mantemento deste imposto ao tipo medio-alto limita a capacidade económica das mulleres e xera unha desigualdade intolerable no Estado español, no século XXI.

Polo exposto preséntase a seguinte Proposición de lei para a eliminación dunha desigualdade e traba histórica.

Artigo un. Modificación do apartado b) do punto 6º apartado un do artigo 91, que quedaría redactado como segue:

6.º b) Preservativos masculinos, femininos e outros anticonceptivos non medicinais.

Artigo dous. Modificación do punto 1 do apartado dous do artigo 91, ao que se engade un novo ordinal 7º coa seguinte redacción



7º As compresas, tampóns, copas menstruais, bragas reciclables absorbentes de regra, salvabragas e xeles de uso íntimo.

Disposición derogatoria.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango que contraveñan o disposto nesta lei.

Disposición final. Entrada en vigor.

A presente lei entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial do Estado.

ANTECEDENTES:

- Regulamento 952/2013/UE polo que se establece o código aduaneiro da Unión Europea.
- Directiva 2019/1158/UE sobre modificación do Código aduaneiro da UE.
- Directiva 2006/112/CE relativa ao sistema común do imposto sobre o valor engadido.
- Constitución Española.
- Estatuto de Autonomía
- Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido.
- Real Decreto 1624/1992, de 29 de decembro, que aproba o Regulamento do Imposto sobre o valor Engadido (...)

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2019.



Asdo: Luís Villares Naveira

Voceiro do Grupo Parlamentario Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 22/10/2019 11:09:08



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda, Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA** para a súa resposta **escrita**.

Na última Conferencia de Decanos e Decanas de Ciencias da Educación de todo o Estado propúxose introducir un sistema de acceso á profesión docente (APD) análogo ao MIR. Non é, nin moito menos, a primeira vez que se demanda algo semellante. O Partido Popular e Ciudadanos solicitaron a implantación do MIR docente ao final da lexislatura de Mariano Rajoy. Alfredo Pérez Rubalcaba reivindicouno tamén durante o Goberno de Zapatero.

O MIR docente constaría dunha proba que os aspirantes a profesores terían que realizar ao rematar a carreira e dun par de anos de formación teórico-práctica remunerada.

A raíz da reivindicación feita na Conferencia de Decanos e Decanas, o Goberno da Xunta de Galicia, a través da súa conselleira, propúxose para implantar un programa piloto que permita poñer a proba o sistema do MIR docente na nosa comunidade.

Segundo a decana de Educación da Universidade de Santiago de Compostela, Carmen Fernández Morante, “no caso de Galicia, implantar este sistema de programa piloto de APF por un ano costaría arredor de 30 millóns de euros,



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

sesenta no caso de toda a etapa de formación/acreditación de competencias”. No custe estarían incluídos o exame inicial, o contrato en prácticas do profesorado novel, os custos para o desenvolvemento de actividade formativas complementarias nos centros APD –isto é, nos centros nos que se impartirían os cursos de formacións e iniciación á profesión–, un complemento para o profesorado titor dos centros APD e os custos asociados pola dedicación do profesorado universitario que actúe de titor APD.

O MIR docente preséntase sempre como unha proposta aséptica, pero non é, nin moito menos, inocente.

En primeiro lugar, a proposta despraza a responsabilidade dos problemas educativos do Goberno aos profesores e profesoras, aos que acusa de ter un nivel insuficiente. Non obstante, o problema da educación no noso país non é a baixa calidade do profesorado, senón a falta de medios humanos e materiais para atender correctamente as necesidades dos alumnos e alumnas. Cómpre, polo tanto, reivindicar que o que urxe é revertir os recortes educativos perpetrados durante a última década.

En segundo lugar, o MIR docente podería precarizar a situación dos profesores e profesoras, recortando os seus salarios e freando a súa estabilización.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.^a) Como vai afectar o MIR docente galego aos salarios dos profesores e profesoras?



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- 2.^a) Vaise manter ou vaise recortar?
- 3.^a) Como vai afectar o MIR docente galego ao número de profesores e profesoras?
- 4.^a) Permitirá reducir o número de alumnos por aula?
- 5.^a) Canto vai tarda en estabilizarse un profesor no novo sistema de acceso á profesión docente?
- 6.^a) Canto vai costar o MIR docente galego?
- 7.^a) En que se vai gastar o diñeiro?
- 8.^a) O MIR docente vai reverter os recortes educativos perpetrados pola Xunta de Galicia durante os últimos dez anos?

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 18/10/2019 10:49:35

Luca Chao Pérez na data 18/10/2019 10:49:59



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Instituto Nacional de Estatística (INE) acaba de publicar a enquisa sobre equipamento e uso de tecnoloxías de información e comunicación nos fogares para o ano 2019 e a enquisa sobre o uso das TIC e do comercio electrónico nas empresas, nas que se inclúe o uso das TIC por comunidades autónomas.

No caso dos fogares, o dito estudo reflicte que Galicia está á cola das comunidades en habilidades dixitais avanzadas, un 29 % fronte a un 36,1 % para o conxunto do Estado.

No caso das empresas, as que teñen 10 ou máis empregados cuxas sedes sociais están radicadas en Galicia presentan menor intensidade en case todas as variables estudadas con respecto ao conxunto do Estado.

Á vista destes datos, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

- 1ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre destes datos?
- 2ª) Ten feito o Goberno galego algún estudo sobre das causas desta posición, tanto no caso dos fogares como das empresas?
- 3ª) Que medidas ten pensado implementar o Goberno galego para mellorar as habilidades dixitais da poboación galega?
- 4ª) Que medidas ten pensado implementar o Goberno galego para mellorar a intensidade no uso das TIC nas empresas galegas?

Pazo do Parlamento, 17 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 17/10/2019 18:30:24





Jóse Manuel Pérez Seco na data 17/10/2019 18:30:42



Á Mesa do Parlamento

Óscar Vilar Chento e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

É de sobra coñecido por todos e todas que unha das características da propiedade da terra en Galicia é a elevada fragmentación. Unha fragmentación que se traduce nun gran número de parcelas como nun gran número de propietarios. Falamos do coñecido minifundismo galego. Un minifundismo que dificulta unha xestión adecuada do territorio, que minora a rendibilidade das explotacións e dificulta, en moitos casos, a súa viabilidade, e, tamén, favorece o abandono das parcelas co conseguinte aumento de biomasa vexetal nos predios o que contribúe a agravar os efectos dos incendios.

O rural galego segue necesitando un pulo para acadar un desenvolvemento eficaz e eficiente. Necesitamos, entre outros, impulsar a nosa calidade de produción agro alimentaria, unha boa mobilidade da terra produtiva para usos agropecuarios e forestais, e, por último, e non por iso menos importante necesitamos un desenvolvemento de máis zonas de pastoreo para as granxas galegas.

A agricultura e gandería son un sector primario fundamental da economía galega, e, así mesmo, a súa xente é a que está a loitar contra o abandono do rural.

Tampouco podemos esquecernos da importancia do noso monte para a vida galega xa que desempeña un tripla funcionalidade no eido social, ambiental e económico, como así estipula a exposición de motivos da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia.

As concentracións parcelarias impulsan, entre outros, o desenvolvemento do sector lácteo, e permiten unha ordenación da superficie agraria e forestal adaptada ás necesidades de cada zona segundo o seu uso.



En definitiva, un dos moitos factores que condiciona o uso do solo é a existencia ou non de concentracións parcelarias.

Un goberno, verdadeiramente comprometido co rural, tería que haber impulsado estes procesos. Sobre todo, cando a Xunta de Galicia ratificou varias veces durante a presente lexislatura o seu compromiso de promover todas as concentracións pendentes

Así mesmo, a Consellería do Medio Rural, a estas alturas da lexislatura, tería que ter demostrado que unha das súas prioridades era axilizar e finalizar as concentracións parcelarias decretadas e abertas.

Tristemente os feitos demostran todo o contrario, e estes son os datos. A comezos do ano 2016 tiñamos en Galicia 137 concentracións pendentes. agora, segundo o informe anual do Valedor do Pobo (2018), Galicia ten abertas 128; 45 na provincia da Coruña, 14 en Lugo, 31 en Ourense e 38 en Pontevedra.

Os números demostran que o avance é insignificante e pobre. Pasados case que catro anos a Xunta de Galicia tan só axilizou 9 procesos. Seguimos pois nunha excesiva demora na conclusión dos expedientes, exemplos temos varios: concentración parcelaria Gonzar II (no Pino) 19 anos de trámites; concentración parcelaria de Godos (Caldas de Reis) 18 anos de trámites, etc... Ao que hai que sumar, logo despois, a tardanza na toma de posesión dos novos predios e títulos.

Por iso os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cales son as causas, motivos, do nulo avance nos procesos de concentración nesta lexislatura?

2ª) Que medidas, a curto e medio prazo, vai adoptar o Goberno galego en relación con estes 128 procesos concentración, decretados e en trámite?

3ª) Cando prevé a Xunta de Galicia que finalizarán estas 128 concentracións, decretadas e en trámite? En caso afirmativo, cal é o orzamento e o cronograma de actuacións?



4ª) Cantas hectáreas de monte, e cantas de natureza agraria, ten pensado ordenar no que resta de legislatura a Xunta de Galicia?

5ª) É consciente o Goberno galego que estes excesivos atrasos nos procesos de concentración causan grandes perdas económicas, sociais e medioambientais, para o sector agrícola, gandería e forestal? Se for o caso, cal é o valor estimado pola Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 17 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Oscar Vilar Chento na data 18/10/2019 11:06:52

Jóse Manuel Pérez Seco na data 18/10/2019 11:07:06



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Xan Xosé Xove González, deputada e deputado do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Os datos recollidos na “Enquisa estrutural a Fogares. Coñecemento e uso do galego”, elaborada polo Instituto Galego de Estatística, confirman, novamente, o efecto prexudicial que as políticas lingüísticas do Partido Popular tiveron na saúde da nosa lingua. Na última década descendeu, dun xeito dramático, o coñecemento e o uso do galego, sobre todo entre a mocidade.

Na actualidade, usa unicamente o galego ou máis o galego que o castelán o 52,3% da poboación. A porcentaxe está cinco puntos por debaixo que hai una década e case dez puntos por debaixo que hai quince anos.

A gravidade da situación varía en función da franxa de idade que se considere. Case o 75% da poboación maior de 65 anos fala só en galego ou máis en galego que en castelán, pero a porcentaxe descende ata pouco máis do 25% na franxa de idade comprendida entre os 5 e os 14 anos.

Neste sentido, a situación mudou moito durante a década negra do Goberno de Feijóo. Hai dez anos, o 36% da mocidade falaba só en galego ou máis galego que castelán. Quince anos atrás a porcentaxe era aínda maior, do 40,3%.



Particularmente grave é o feito de que un de cada catro rapaces (o 24%) afirma que non sabe falar galego ou que o fala bastante mal. A porcentaxe era oito puntos menor hai dez anos.

No que respecta ao uso do galego na escrita, obsérvase un fenómeno curioso. So o 36,2% das persoas que habitualmente falan en galego escriben en galego.

É tamén preocupante o feito de que o uso do galego mingüe en determinados contextos sociais de prestixio. Só o 46,1% dos galegos fala no noso idioma cos seus médicos. Co profesorado, falan en galego o 39,29% dos pais e nais. Nas xestións bancarias, no comercio e no trato coa Administración, o uso do galego tampouco chega ao 50%.

Así as cousas, compréndese que máis do 30% da poboación galega de máis de 16 anos pense que o galego se fala pouco ou nada. Se a isto lle sumamos que só o 17,7% da poboación galega maior de 16 anos ve a televisión sempre en galego ou máis en galego que en castelán; que case o 60% sempre le a prensa en castelán; que o 54% só le libros en castelán; que case o 70% navega pola rede sempre en castelán; e que o castelán é o idioma único do 52% nas redes sociais, compréndese que estamos asistindo a paulatina desgaleguización de Galicia sen que o Goberno da Xunta faga nada para remedialo.

Cómpre que o Goberno mude a súa actitude e aposte pola defensa da identidade galega e, polo tanto, da súa lingua.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- Que avaliación fai a Xunta de Galicia dos datos da “Enquisa estrutural a Fogares. Coñecemento e uso do galego”?
- Preocúpalle a situación do galego?
- Que avaliación fai do descenso no uso e coñecemento do galego con respecto a hai unha década?
- En que medida as políticas do Goberno do Partido Popular son responsables dese descenso?
- A que atribúe o descenso do uso e do coñecemento do galego da mocidade?
- A que se debe a ruptura na transmisión interxeracional da lingua?
- A que atribúe que menos do 40% das persoas que sempre falan galego escriban normalmente nese idioma?
- A que atribúe que a porcentaxe de persoas que fala en galego cos médicos, cos profesores, cos banqueiros, cos comerciantes e máis coa Administración sexa menor que a porcentaxe de galegos que fala na súa lingua normalmente?
- A que atribúe que menos do 20% dos galegos e das galegas vexa a televisión principalmente en galego?
- Pensa que a oferta televisiva en galego é insuficiente? Se é así, que pensa facer para ampliála?
- A que atribúe que a maior parte dos galegos e das galegas sempre lea a prensa en castelán, só lea libros en castelán, só navegue pola rede en castelán e empregue o castelán nas redes sociais?



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- O galego non é unha lingua apta para a información e a socialización?

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2019.

Asdo: Ánxeles Cuña Bóveda

Xan Xosé Jove González

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 18/10/2019 11:16:09

Xan Xosé Jove González na data 18/10/2019 11:16:21



Á Mesa do Parlamento

María Teresa Porritt Loureiro, Patricia Vilán Lorenzo e Noela Blanco Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

No último informe do Valedor do Pobo analízase, entre outras, as queixas xeradas pola situación do mantemento, a pesar da mellora económica, de medidas que afectan ás condicións laborais de determinados traballadores públicos: o persoal das residencias de maiores

A suspensión do disposto no art.19 do Convenio Colectivo sobre o descanso semanal e o traballo en domingos e festivos tras a entrada en vigor da Lei 1/2012 de 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias de emprego público, supuxo que a Xunta de Galicia deixara de compensar os servizos prestados en domingos e festivos ao persoal das residencias de maiores.

A institución reconece que a queixa excede a súa competencia e que, polo tanto, non se pode inmiscir, xa que as ferramentas orzamentarias non son cuestionables pola institución do Valedor e, por outra banda, que a suspensión ten base legal (artigo 6 da Lei 1/2012: “suspéndese a aplicación do art.19, excepto a liña 1, do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia”), o que exonera á Administración autonómica de responsabilidade (non pode restablecer as medidas compensatorias suspendidas mentres non se modifique a lei e se dote orzamentariamente).

Pero nas súas conclusións destaca que é desexable que estes acordos laborais sexan progresivamente reactivados, e fai a seguinte recomendación:

“... a Xunta debe considerar retomar o diálogo social a fin de recuperar acordos que permitan incluír nos sucesivos proxectos de presupostos previsións relativas aos compromisos recollidos na negociación colectiva, pero será a administración quen marque os tempos”.

Polo exposto anteriormente as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Ten pensado o Goberno galego seguir a recomendación do Valedor do Pobo?

2ª) Se é así, pensa recoller nos próximos presupostos a partida orzamentaria necesaria para iso?



Pazo do Parlamento, 17 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Teresa Porritt Lueiro na data 18/10/2019 12:34:53

Patricia Vilán Lorenzo na data 18/10/2019 12:35:05

Noela Blanco Rodríguez na data 18/10/2019 12:35:19



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A demanda de creación en Ourense dun centro público de atención a persoas con diversidade funcional leva anos enriba da mesa grazas á plataforma cidadá pro-CAPD de Ourense. Esta reivindicación foi avalada por máis de 50.000 sinaturas, así como por mocións debatidas e aprobadas por unanimidade en plenos de diversos Concellos da provincia de Ourense e na Deputación. Trátase da única provincia de Galicia que carece dun centro público destas características.

Foron moitas as promesas e os anuncios incumpridos ata o de agora. Xa, no ano 2016, anunciábase por parte da Xunta de Galicia o compromiso da posta en marcha dun CAPD, de carácter totalmente público para dar continuidade a atención ás persoas con discapacidade a partir dos 21 anos da provincia. No ano 2017 a Xunta volvíase comprometer en que a finais do ano 2017 se adxudicaría a lo menos a redacción do proxecto. Pero nada disto se fixo efectivo. De feito, houbo intentos da Xunta de modificar o proxecto inicial reducindo o número de prazas e eliminando a atención terapéutica que finalmente se botaron atrás pola mobilización cidadá. Despois dunha PNL presentada nesta cámara, anunciaron que a licitación das obras acontecería en maio deste ano e que o centro estaría a pleno funcionamento en 2020, prazos que se incumpriron.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Tras todos estes anos de atraso, recentemente anunciábase que se previa que as obras comezaran no primeiro cuatrimestre do ano 2020, e que estarían finalizadas antes de que rematara o ano 2021. Tamén vemos unha ausencia de compromiso nos orzamentos adicados a este centro, insuficientes e na súa execución, practicamente inexistentes. A Xunta xa dispón de terreos para a súa construción pero os prazos estanse a alongar innecesariamente. Ademais, non se tomaron medidas suficientes para resolver a falla de prazas públicas para atención á diversidade funcional na cidade de Ourense coa fin de dar alternativas urxentes ás persoas usuarias e ás familias. Estes retrasos coinciden no tempo co anuncio de creación dun centro privado da Fundación San Rosendo en Baño de Molgas, moi cerca da cidade de Ourense, coas mesmas características.

A Xunta de Galicia comprometeuse nun principio a que este centro fora de xestión pública, pero nas últimas declaracións públicas déixase a porta aberta a posible privatización deste servizo fundamental.

Por todo o anterior, preséntanse as seguintes preguntas:

1. Vai garantir a Xunta que o futuro centro de atención a persoas con diversidade funcional de Ourense sexa finalmente de xestión pública?
2. Cando se van licitar as obras de construción do CAPD de Ourense?
3. A que se deben as demoras no inicio das obras con respecto á data prevista?
4. Que medidas vai adoptar para solucionar a falla de prazas públicas até a



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

posta en marcha do centro?

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 21/10/2019 14:35:28

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 21/10/2019 14:35:39



Á Mesa do Parlamento

María Teresa Porritt Lueiro e Xoaquín Fernández Leiceaga, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, establece na súa disposición adicional primeira:

“Información ao Parlamento:

Un. A Consellería de Facenda facilitará trimestralmente en formato dixital á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento a información referida ás seguintes actuacións:

- a) As ampliacións de crédito realizadas para atender o pagamento de obrigas derivadas de crebas de operacións de crédito avaladas pola Comunidade Autónoma.
- b) As operacións de endebedamento por un prazo superior a un ano, formalizadas pola Comunidade Autónoma, os seus organismos autónomos, as axencias públicas autonómicas ou as restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, conforme as autorizacións contidas nesta lei.
- c) Os avais amortizados, os pagamentos efectuados por falidos, os importes recuperados e o risco acumulado, tanto no que respecta aos avais concedidos pola Comunidade Autónoma como aos concedidos polas entidades instrumentais do sector público autonómico.
- d) As autorizacións de revisións de prezos en concertos ou convenios que superen o incremento do índice de prezos ao consumo.
- e) A enumeración nominal e individualizada das concesións de subvencións ou axudas autorizadas polo Consello da Xunta de Galicia que se refire o artigo 26.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Dous. A Consellería de Facenda comunicará á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento, nun prazo de trinta días:



- a) A realización das adaptacións técnicas dos orzamentos autorizadas consonte o previsto na alínea p) do artigo 5 desta lei.
- b) As modificacións efectuadas conforme o indicado no artigo 9.
- c) Os orzamentos dos organismos autónomos, das axencias públicas autonómicas, das entidades públicas empresariais e das sociedades mercantís públicas autonómicas que poidan entrar en funcionamento ao longo de 2019.

Tres. A Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A., ou a entidade que se subroga na súa posición, comunicará mensualmente á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento os plans económico-financeiros que subscriba no desenvolvemento da súa actividade.

Xa que a dita disposición adicional non se está a cumprir tal e como establece o propio mandato legal, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Cal é a razón para o incumprimento da devandita disposición adicional?
- 2ª) Considera a Xunta de Galicia que o devandito incumprimento vai en contra do principio de transparencia?
- 3ª) Que medidas pensa adoptar para cumprir o establecido na Lei 2/2018?

Pazo do Parlamento, 18 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Teresa Porrirt Lueiro na data 18/10/2019 12:59:02

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/10/2019 12:59:33



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Os equipos de valoración e orientación para a discapacidade (EVO) son equipos multidisciplinares compostos por persoal de perfil médico, psicolóxico e de traballo social, así como de persoal administrativo especializado, encargados de valorar e cualificar o grao de discapacidade das persoas que o soliciten. Dependentes das Xefaturas Territoriais da Consellería de Política Social, sitúanse na Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

A situación a nivel xeral é de atrasos de meses na tramitación de ditas valoracións do grao de discapacidade, malia que a normativa sinala que non se deben superar os tres meses.

A situación é especialmente grave nos EVO de Pontevedra, que acumulan milleiros de expedientes en tramitación.

Recentemente, tamén nos teñen trasladado atrasos na provincia de Lugo; peticións de xullo cítanse para novembro, a pesares de ser de crianzas, que teñen preferencia.

A tardanza na resolución sobre o grao de discapacidade mantén durante meses a persoas sen poder ter os dereitos que lle corresponden, en distintos eidos. Non ter o recoñecemento de discapacidade fai que durante o tempo de agarda se deixe de gozar de dereitos, algúns dos cales son irrecuperables, como o feito de que nenos e nenas con discapacidade non poidan acceder a becas para tratamentos ata ter recoñecida oficialmente a discapacidade. Nestes casos, as familias que non podan pagar os tratamentos sen ter a beca ven atrasado o proceso de tratamento da súa crianza, cando a atención temperá é fundamental para a infancia con diversidade funcional. Tamén se producen ano tras ano casos de falecemento de persoas anciás antes de serlles valorado o grao de discapacidade.



Esta situación de atrasos foi negada pola Xunta e polo PP, que rexeitou no Parlamento de Galicia propostas para aumentar as equipas de valoración e orientación da discapacidade. Finalmente, a Xunta vén de admitir as inxustificables listas de agarda, sinalando que o tempo medio de agarda supera o ano en Vigo e Pontevedra.

Estas circunstancias supoñen un incumprimento da normativa a respecto da discapacidade e, concretamente, no que se refire á axilidade e eficacia dos procedementos no recoñecemento do grao de discapacidade (obxectivos para os que se publica a *Orde de 25 de novembro de 2015 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes*), así como un trato desigual entre as persoas dos concellos que teñen como referencia o Servizo de Valoración de Discapacidade de Pontevedra con respecto ás do resto de Galiza que, con todo, tamén sofren unha demora inxustificábel.

Como sucede noutros servizos públicos afectados polos recortes, son as persoas profesionais dos EVO quen suplen á Administración, asumindo unha inhumana carga de traballo e sufrindo a realidade de ver día a día persoas que non poden acceder a dereitos que lles corresponden, padecendo a situación de ver xente que morre sen ter recoñecido o grao de discapacidade que ten. É unha situación inhumana para a cidadanía e para o persoal.

Para responder á grave situación o Parlamento de Galicia aprobou, mediante unha Proposición non de lei, instar á Xunta a crear novos EVO e a Xunta creou reforzos temporais; anunciando, en maio de 2019, a creación de 16 novos equipos.

As equipas de reforzo anunciadas son temporais. Esta suposta solución non é máis ca un parche e a súa ineficacia xa foi demostrada pois, de cando en vez, a Xunta fai contratos por acúmulo de tarefas, situacións temporais que non resolven o problema estrutural. A valoración da discapacidade é un proceso complexo e interdisciplinar, que require de formación práctica das equipas, co cal, parte do tempo dos contratos temporais se precisa para irse formando na práctica. Ademais, o persoal administrativo tamén precisa unha formación especializada, que só se adquire coa práctica.



O convenio co Sergas para as valoracións, aplicado de xeito piloto na sección de Pontevedra, tampouco resolveu nada: os atrasos seguíronse acumulando, pois só se axiliza a parte médica, cando a valoración da discapacidade é multidisciplinar e complexa.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

1. Cal é a lista de agarda para a valoración do grao de discapacidade en cada unha das provincias?
2. Que medidas vai adoptar a Xunta para rematar coas agardas e cumprir a lei a respecto dos prazos de valoración?
3. Que medidas ten adoptado a Xunta para reducir a lista de agarda na valoración da discapacidade dende o ano 2017?

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 21/10/2019 19:27:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á intervención prevista no Castro de Toiriz en Silleda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.A Deputación de Pontevedra e o Ministerio de Fomento asinaron un convenio para a realización de obras en 18 castros de 17 concellos da provincia de Pontevedra. Entre estes xacementos arqueolóxicos nos que se prevén realizar diversos traballos figura o do Castro Toiriz, no concello de Silleda. Trátase dun enclave de grande interese patrimonial e paisaxístico, de titularidade privada, no que se realizou no ano 2010 unha intervención de posta en valor promovida polo Colectivo pola Recuperación dos Castros de Toiriz.

2.Recentemente publicouse no BOE a licitación da intervención do castro de Toiriz (Silleda), xunto cos xacementos de Castro Aobre (Vilagarcía) e Subidá (Marín). Da información coñecida dedúcese que as intervención que se prevé realizar semellan máis obras de urbanización que de musealización.

Segundo a escasa información dispoñíbel sobre a intervención programada no castro de Toiriz, está prevista a construción dun estacionamento que estaría emprazado na zona do foxo xacemento. Por outra parte, inclúense obras de pavimentación de camiños con pavimentos de pedra, grava, pavicésped e mestura de cal, area e cemento





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

branco; elementos de sinalización (instalación de paneis informativo), balizas de iluminación e instalación de bancos e mesas.

A instalación deste tipo de elementos no castro podería ter un impacto negativo tanto desde o punto de vista do impacto visual como pola afectación a un ámbito protexido.

3.O BNG considera de máximo interese a conservación, protección e divulgación do castro de Toiriz. Mais este tipo de actuacións deben facerse contando coa máxima participación, coa maior transparencia e co máximo respecto ao xacemento. No caso da actuación anunciada e publicitada no BOE, non se cumpre ningún dos requisitos anteriores. E ademais non temos coñecemento de que se conte coa autorización da propiedade dos terreos nos que se asenta o castro.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Autorizou a Dirección Xeral de Patrimonio as obras previstas no Castro Toiriz (Silleda)?

-Comparte a Xunta de Galiza os criterios xerais desta intervención, que aínda que se presentan como obras de musealización semellan máis ben obras de urbanización?

-Considera o goberno galego que esta actuación se está a tramitar con criterios de participación e transparencia?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Ten coñecemento a Xunta de Galiza da autorización das persoas propietarias dos terreos?

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Olalla Rodil Fernández
Noa Presas Bergantiños
Montserrat Prado Cores
Xosé Luis Rivas Cruz
Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 22/10/2019 10:36:09

María Montserrat Prado Cores na data 22/10/2019 10:36:14

Noa Presas Bergantiños na data 22/10/2019 10:36:20

Olalla Rodil Fernández na data 22/10/2019 10:36:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/10/2019 10:36:35

Ana Pontón Mondelo na data 22/10/2019 10:36:43



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

En data 2 de novembro de 2017, a Axencia Galega de Infraestruturas aprobou, con base na Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia, o documento Itinerarios peonís e ciclistas na comarca de Ourense e concellos limítrofes (estratexia mobilidade alternativa), en que unha das sendas propostas era un itinerario peonil e ciclista na OU-402, que agora se desenvolve mediante o proxecto construtivo Itinerario peonil e ciclista na OU-402, treito Reza. p.q. 1+090 - 3+780, clave OU/16/270.06.

Este proxecto ten por obxecto a creación dun itinerario mixto peonil e ciclista pola marxe dereita da estrada OU-402, desde o p.q. 1+090 ata o aparcadoiro situado no p.q. 3+290, retomando posteriormente o itinerario no treito da marxe dereita do río Miño. A largura da senda proxectada será variable en función do espazo dispoñible, manterá sempre unha largura mínima de 1,80 metros e irá separada da calzada por un bordo delimitador. O pavimento que se empregará será de formigón, e no último treito (zona das termas de Outariz) será fotoluminiscente. Nos itinerarios proxectados, ademais das actuacións de pavimentación, inclúese a execución do sistema de drenaxe de augas pluviais e a reposición daqueles servizos afectados pola execución das obras.

O 4 de abril publicábase no DOG o *ANUNCIO do 21 de marzo de 2018 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista na OU-402, treito Reza*, onde se reflectía que o fin do prazo de exposición pública remata o 18 de maio, é dicir de 30 días hábiles dende o 5 de abril.

O devandito proxecto non contou coa participación efectiva da veciñanza, e nun primeiro momento souberon do mesmo a través dos medios de comunicación. Dende entón, os veciños e veciñas de Reza, moitos deles persoas maiores, están preocupados e preocupadas polas consecuencias que a construción desta senda ciclista e peonil terá sobre os terreos das súas vivendas, pois segundo se reflicte no propio proxecto, discorre paralela ás mesmas, ademais do risco que suporía



para a seguridade dos veciños e veciñas, así como dos ciclistas e peóns porque a zona pola que discorrería obrigaría a circular pola OU-402 de forma retardada.

Segundo o informe do Valedor do Pobo, publicado recentemente, presentáronse durante o ano 2018, 1048 reclamacións ao proxecto de construción da senda ciclista e peonil na OU-402 en Reza (Ourense). A respecto deste tema o Valedor do Pobo resolveu que *“de acordo co artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia a AXI someteu o proxecto construtivo ao trámite de información pública, que se anunciou no DOG do 04/04/2018. A través deste trámite calquera persoa ou colectivo puido formular por escrito, ante esa axencia, as observacións relativas á concepción global do trazado deseñado que considerase convenientes. Neste caso concreto, o prazo para presentar alegacións finalizara o pasado 21/05/2018.*

Segundo informaba a AXI o proxecto de construción de itinerario peonil e ciclista na Ou-402, tramo Reza, punto quilométrico 1+090 - 3+780 aínda non estaba rematado nin aprobado. Nesas momentos a axencia estaba a avaliar todas as alegacións recibidas no trámite de información pública previsto no artigo 21.1 da Lei de Estradas de Galicia, de maneira que se incorporen ao proxecto, de ser o caso, aquelas que finalmente se consideren útiles para: resolver omisións ou erros nos bens e dereitos afectados, mellorar aspectos da seguridade viaria e/ou técnicos, atender necesidades descoñecidas ou non detectadas, se encaixan co obxecto do proxecto e o seu campo de actuación.

Así mesmo adiantábase, aínda que era necesario esperar a estudar con detemento as alegacións recibidas e os informes sectoriais, que se van eliminar no proxecto construtivo as referencias ao uso ciclista e se van atender todas as melloras que se propoñan que sexan compatibles co obxecto do proxecto, que é fomentar a mobilidade sustentable peonil e mellorar a seguridade viaria. En base a todo iso avaliado o escrito inicial de queixa xunto coas firmas achegadas, e recibido o informe da Axencia Galega de Infraestruturas, unha vez practicadas cantas actuacións de supervisión e control propias desta institución se desenvolveron neste expediente, finalizamos a súa tramitación, tendo en conta que as alegacións ao proxecto de construción na estrada OU-402 están a avaliarse polo órgano competente ata o punto de que se incorporen ao proxecto as idóneas para mellorar aspectos de seguridade viaria, técnicos ou erros con afección a bens ou dereitos.

Ao considerar atendida a queixa, un mes despois de que fose admitida a trámite, ao coñecer que se eliminarán no referido proxecto construtivo o uso ciclista e que se van atender melloras de seguridade viaria concluímos a intervención do Valedor do Pobo.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera o Goberno galego que o proxecto actual de construción da senda na OU-402 en Reza (Ourense), ofrece garantías de seguridade viaria?
2. En que medida se tiveron en conta as alegacións presentadas a este proxecto?
3. Vanse producir modificacións a respecto do inicial?
4. En caso afirmativo, en que van consistir estes cambios?
5. Ten previsto a Xunta de Galicia eliminar o uso ciclista contemplado inicialmente para esta senda?
6. En caso afirmativo, que medidas se van a tomar para adaptalas ao uso peatonal exclusivo?
7. Que orzamento se vai dedicar durante o ano 2020 para a súa construción?
8. Como valora a Xunta de Galicia o seu impacto no que se refire á expropiación de propiedades?
9. Vanse seguir os mesmos criterios, no que se refire á expropiación, que se tiveron en conta durante a primeira fase de construción?
10. A canto ascende o orzamento de expropiación previsto para os afectados e afectadas pola construción desa senda peonil e ciclista?
11. Contempla o proxecto definitivo algunha medida para conectar Reza co centro da cidade de Ourense?

Pazo do Parlamento, 22 de outubro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 22/10/2019 13:38:23

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/10/2019 13:38:31

María Luisa Pierres López na data 22/10/2019 13:38:40



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Durante a campaña electoral das autonómicas do ano 2016, e en plena vaga de lumes na provincia de Ourense, o PP prometía que construíría un parque acuático nesta provincia. O certo é que esta non era unha promesa electoral propia do PP, senón que o daquelas Presidente da Xunta en funcións, copiaba unha proposta do partido Democracia Ourensana.

No mes de xullo deste ano, na reunión que o presidente da Xunta de Galicia mantivo co Alcalde de Ourense, asegurou que o goberno galego respaldaba entre outros proxectos, a posta en marcha dun parque acuático termal, a maiores doutro convencional en Monterrei, situado no concello de Pereiro de Aguiar.

En agosto, a Delegada da Xunta de Ourense, trala reunión co Alcalde de Pereiro de Aguiar, *“reafirmaba o respaldo á proposta de instalar un parque acuático no complexo deportivo de Monterrei, así como de promover un acordo coa Deputación de Ourense, para potenciar este complexo”*, asegurando tamén que *“estaban a levarse a cabo estudos de viabilidade do proxecto, a pesares de que aínda falta concretar a extensión, os servizos e os prazos”*.

O certo é que nos 4 proxectos de orzamentos presentados polo Goberno galego durante esta lexislatura, non se contemplou ningunha partida específica para este proxecto. De feito, no presentado recentemente para o ano 2020, segue sen contemplarse ningún investimento para que esta promesa electoral do señor Feijoo sexa unha realidade durante a X lexislatura. Dende o Grupo Socialista atopámonos confusos, porque a pesares de que non figura ningunha partida orzamentaria específica, trala presentación do proxecto de orzamentos, dende o PP de Ourense aseguraban que se dedicarían 1,5 millóns de euros para a posta en marcha deste proxecto.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cando está previsto que comecen as obras do parque acuático que o Goberno galego anunciou que poría en marcha no concello de Pereiro de Aguiar (Ourense)?
2. Cal vai ser o orzamento que a Xunta de Galicia vai dedicar para a posta en marcha deste proxecto?
3. En que partida do proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2020 figura este investimento?
4. O parque acuático proxectado substituirá as actuais piscinas e instalacións deportivas do complexo de Monterrei, situado no concello de Pereiro de Aguiar (Ourense)?
5. Suporá a construción desta infraestrutura a ampliación do complexo deportivo de Monterrei?
6. En caso afirmativo, cal vai ser a extensión desta ampliación?
7. Cales son os servizos dos que se dotará esta infraestrutura?

Pazo do Parlamento, 22 de outubro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 22/10/2019 13:42:33

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/10/2019 13:42:42

María Luisa Pierres López na data 22/10/2019 13:42:50



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, María del Carmen Rodríguez Dacosta e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O pasado 27 de setembro, a Comisión delegada do Hospital de Verín, persoal facultativo, persoal Sanitario, sindicatos, organizacións políticas e usuarios/as volvéronse a concentrar e manifestar fronte o Hospital de Verín, denunciando de novo o desmantelamento que se está a producir na extinta área sanitaria da comarca de Verín. Tanto no hospital comarcal como en atención primaria. En concreto e entre outros nos servizos de dermatoloxía, pediatría, cirurxía e anestesia.

É un sentir compartido pola poboación de referencia que o Hospital de Verín está a sufrir unha merma clara das prestacións sanitarias. O servizo de Pediatría hospitalaria segue sen estar dotado, a pesares das múltiples denuncias públicas que se levan a facer, sendo cada vez mais palpable a situación de desmantelamento, derivando a cidade de Ourense partos e cesáreas por falta de cobertura de profesionais, o que supón un nulo avance en 30 anos de desenvolvemento do sistema. De feito xa asumiron no seu momento no ano 2017 as gardas pediátricas os dous facultativos pediatras do centro de saúde de Verín, circunstancias que non puideron ser mantidas no tempo e que levaron, primeiro, a unha redución das gardas de maneira progresiva.

O servizo de dermatoloxía tamén sufriu unha merma progresiva da capacidade asistencial, pasando de ter consulta case todos os días a desaparecer no pasado mes de setembro a partir de cando os/as pacientes deben ser derivados a Ourense. No servizo de traumatoloxía pasouse de ter cinco traumatólogos a dous, tendo que desprazar un día semana a un facultativo de Ourense, xerando eternas listas de espera en ambos centros. O servizo de paliativos quedou desmantelado dende 2017, a partir de cando se reduciron profesionais do servizo de medicina interna o non dar cobertura a xubilación de un profesional. Outros servizos presentan déficits semellantes (cirurxía ou anestesia).



Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da perda progresiva de servizos que se vai dando no Hospital de Verín e que é obxecto de protesta e reclamación por parte de numerosos colectivos de todo tipo na comarca?
2. Ten previsto a Xunta de Galicia implementar no Hospital de Verín un plan extraordinario de dotación de persoal para recuperar a proximidade dos servizos antes ofrecidos?

Pazo do Parlamento, 22 de outubro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
María del Carmen Rodríguez Dacosta
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 22/10/2019 16:43:38

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 22/10/2019 16:43:52

Noela Blanco Rodríguez na data 22/10/2019 16:44:00



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, deputada pertencente ao Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta escrita**, sobre a situación das vendas na industria galega.

Hai tempo que vimos alertando dos datos negativos da industria neste país. Os peches sucédense, pérdense miles de postos de traballo e capacidade produtiva e o drama do desemprego esténdese. Temos sobre a mesa os casos de Alcoa, Isowat, Poligal ou Vulcano, entre outras. Industrias punteiras no noso país moi ameazadas ante a falta dunha política industrial activa.

Unha tendencia corrobora o **Índice Xeral de Producción Industrial (IPI)** do Instituto Nacional de Estatística. Segundo este último dato, a produción baixou en xullo en Galicia un 0,1% en comparación co mesmo mes do ano anterior, o que contrasta coa subida media do 2,9% rexistrada no conxunto do estado. Deste xeito, Galicia **acumula oito meses consecutivos de caídas interanuais**, xa que o último dato positivo data de novembro de 2018. De tal forma, a produción industrial galega descende un 6,2% no que vai de ano, entre xaneiro e xullo, o que supón o segundo maior retroceso entre comunidades, só superado por Baleares (-6,5%). Pola contra, a media no conxunto do estado conta cun repunte do 0,4% neste período.

Unha senda negativa que tamén acusan as vendas da industria. Segundo vimos de coñecer as vendas de industria galega seguen á baixa en agosto (-0,3%).



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Unha tendencia que padecemos dende o segundo trimestre do ano porque as vendas da industria galega levan sen crecer desde marzo --en xullo situáronse no 0% e o tres meses anteriores en negativo--.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda presenta as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- 1.^a) Como valora o Goberno galego a caída das vendas da industria galega?
- 2.^a) Que medidas vai poñer sobre a mesa para reverter esta situación?

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P Grupo Común da Esquerda

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 22/10/2019 17:20:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre actuacións pendentes en Barallobre e Maniños no concello de Fene.

A finais de novembro do 2016 o Alcalde nacionalista de Fene, Juventino Trigo, reuniuse co Presidente de Portos de Galiza para tratar o derrube unha nave ruínosa no peirao fenés de Barallobre. Acadando o compromiso da dirección de estudar o derrubo da nave para dar saída a 3.300 metros cadrados como zona de lecer.

En xuño do 2017 repítese a reunión para tratar o mesmo tema acadando o mesmo compromiso por parte da dirección de Portos de Galiza. Nesta segunda xuntanza o goberno nacionalista incluía na proposta de demolición a antiga EDAR en desuso situada tamén na zona portuaria de Maniños.

En maio do 2018, hai máis dun ano, o Alcalde popular de Fene mantén unha xuntanza co presidente do ente portuario galego confirmándolle a existencia de 100.000€ para a demolición da nave ruínosa situada no porto de Barallobre en Fene, e a necesidade que fose o Concello de Fene o que realizase o proxecto de demolición da EDAR en desuso.

Dende o 26 de xullo de 2019 a demolición atópase parada no Perfil do contratante do ente Portos de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cal é a razón pola que a día de hoxe se atope paralizada a licitación da demolición da nave ruínosa?

Que prazos ten o ente Portos de Galiza para realizar a obra?

Ten algunha previsión orzamentaria ao respecto da EDAR en desuso de Maniños?

Realizaron algunha xestión co Concello de Fene nos últimos meses ao respecto de ambas demolicións?

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/10/2019 18:28:43

Xosé Luis Bará Torres na data 22/10/2019 18:28:51

María Montserrat Prado Cores na data 22/10/2019 18:28:56

Noa Presas Bergantiños na data 22/10/2019 18:29:04

Olalla Rodil Fernández na data 22/10/2019 18:29:12

Ana Pontón Mondelo na data 22/10/2019 18:29:20



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Lei 3/1986, do 10 de decembro, de Consellos Escolares de Galicia, establece no seu artigo 3, que o Consello Escolar de Galicia é o órgano superior de consulta e de participación dos sectores afectados na programación xeral do ensino e de asesoramento sobre os proxectos de lei ou dos regulamentos que propoña ou dite a Xunta de Galicia.

Nesa mesma lei se prevé que o Consello Escolar de Galicia funcionará en pleno e en comisións, sendo estas últimas a Permanente, a de Programación, Construción e Equipamento Escolar, a de Financiamento do Ensino e, por último, a de Ordenación do Sistema Educativo.

O funcionamento do Consello Escolar de Galicia vén regulado no Decreto 87/1992, do 26 de marzo, polo que se aproba o regulamento de réxime interno do Consello Escolar de Galicia, que establece que O Consello Escolar de Galicia se reunirá como mínimo tres veces ao ano, e con carácter extraordinario cando así o considere oportuno a presidencia e que a comisión permanente se reunirá en sesión ordinaria unha vez ao mes, durante o período lectivo e tamén se reunirá cando o coide necesario a presidencia ou así o solicite un terzo dos seus membros.

No mes de xuño deste ano coñeciamos que os sindicatos non acudiron á reunión convocada do Consello Escolar de Galicia como forma de evidenciar a ausencia de negociación da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, que segundo estas organizacións está a baleirar de contido o órgano, xunto con outros órganos de representación como a propia mesa sectorial; de feito, todas as organizacións (CIG- Ensino, CC. OO. Ensino, ANPE e FeSP-UXT) remitiron un comunicado conxunto denunciando a situacións.

O certo é que nesta data, o Consello Escolar de Galicia non se reúne desde o 20 de xuño e, o que é máis grave por ser contrario á normativa, é que a Permanente non se reúne desde o 13 de xuño.



Por iso o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cal é o motivo polo que a Permanente do Consello Escolar de Galicia non se reuniu desde que se iniciou o curso 2019/20?

2ª) Considera aceptable a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional non cumprir a normativa establecida no Decreto 87/1992, do 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de réxime interno do Consello Escolar de Galicia?

3ª) Considera a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que a participación dos sectores afectados na programación xeral do ensino é prescindible ou secundaria?

Pazo do Parlamento, 23 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/10/2019 11:41:48

Maria de la Concepción Burgo López na data 23/10/2019 11:42:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as medidas cautelares decretadas polo TSXG en relación ao proxecto de construción do parque eólico da Serra do Iribio.

O Tribunal Superior de Xustiza de Galiza acordou suspender provisionalmente o acordo do Consello da Xunta do 27 de xuño de 2019 e suspender, de maneira cautelar, a construción do parque eólico da Serra do Iribio.

Adoptou esta decisión o alto tribunal galego en tanto a Xunta de Galiza non xustifique a prevalencia do uso pretendido polo Goberno ao aprobar o devandito proxecto industrial e non se actualice a Declaración de Impacto Ambiental aprobada en 2005, isto é, hai catorce anos.

Di o TSXG que desde a aprobación da DIA mudaron as circunstancias tecnolóxicas, enerxéticas e ambientais así como a normativa, entre outras, aprobouse o Plan Director da Rede Natura 2000 que prohibe a instalación de novos parques eólico nos espazos da Rede (artigo 23 do Decreto 37/2014).

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Como valora a Xunta de Galiza a decisión adoptada polo TSXG a respecto do parque eólico do Iribio?
- Que medidas ten adoptado e/ou pensa adoptar o Goberno galego ao respecto do seu cumprimento?
- Vai exixirlle a Xunta de Galiza unha nova Declaración de Impacto Ambiental á empresa responsábel da construción do parque?

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 23/10/2019 12:02:35

Xosé Luis Bará Torres na data 23/10/2019 12:02:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 23/10/2019 12:02:48

Noa Presas Bergantiños na data 23/10/2019 12:02:56

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/10/2019 12:03:04

Ana Pontón Mondelo na data 23/10/2019 12:03:12



Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A política de vivenda continua a ser un dos puntos máis febles do Goberno do Sr. Feijoo, e dos máis sangrantes para a cidadanía galega.

As estatísticas e crecente demanda de vivenda pública a prezo asequible medra mes a mes. Exactamente en orde a 140 demandantes novos ó mes, preto de 5 demandantes novos ó día, desde maio do 2018, cun incremento en todos estes meses de practicamente 2.500 demandantes novos, e resultando un total de 14.286 a día de hoxe.

Son varias as vías que se deben traballar para resolver as necesidades destas familias demandantes e unha delas é a mobilización do parque de vivendas baleiras de Galicia. Non só para dar resposta ós colectivos máis vulnerables, senón a toda a sociedade. A falla de oferta de vivendas de aluguer no mercado libre está a dificultar o acceso por prezo e tamén por calidade das mesmas.

Existe reticencia por parte dos posuidores das vivendas para poñelas no mercado en réxime de alugueiro de larga duración. Non se pode pensar que esta decisión que parece terse cronificado e estendido entre moitos propietarios e propietarias ten unha explicación baseada no capricho.

Calquera persoa propietaria desexa unha rendibilidade para a súa vivenda. Porque ter unha vivenda baleira non só significa renunciar a ingresos, senón que conleva gastos de mantemento e polo tanto perda de patrimonio.

Unha das grandes razóns que alegan todas as persoas propietarias para non ofertar a súa vivenda baleira para o alugueiro é a inseguridade xurídica fronte ó impago.

Son varias as comunidades autónomas que xa teñen posto en marcha medidas neste sentido e contemplan axudas para os propietarios de vivendas baleiras co fin de cubrir o 100% do importe dun contrato de seguros fronte o impago e fronte a cuestións básicas como danos e posible reparacións por vandalismo, impagos de recibos dos subministros da vivenda, defensa xurídica ou gastos de



cerraxería. E contemplan tamén axudas para as obras de acondicionamento desas vivendas que precisen dunha posta a punto.

En Galicia este tipo de medidas contémplanse no Programa de vivendas baleiras, pero as restricións deste programa na súa limitación da renda cun prezo máximo desmotivan a moitas persoas propietarias de vivendas que ou ben pola calidade ou pola superficie da súa vivenda consideran poderían aspirar a rendas superiores ás marcadas, que no mellor dos casos roldaría os 450 € nas principais cidades de Galicia. Un redondeo de prezos que ignora a realidade do mercado real e as diferencias entre zonas nas cidades, sendo as áreas centrais as que máis sofren os incrementos e a perda de vivendas que se destinan ó alugueiro turístico.

Esta realidade é a que anima a moitos deles a incorporar as súas vivendas non tanto ó aluguer de longa duración senón máis ben ó aluguer como vivenda turística, conseguindo rendibilidades maiores en franxas temporais menores, o que favorece a maior dispoñibilidade sobre a vivenda en caso de ter que recuperala para o uso propio ou o dun familiar como residencia habitual.

Polo tanto parece necesario incentivar a mobilización de todas as vivendas baleiras en Galicia e tratar de desprazar o interese das persoas propietarias polo aluguer turístico reducindo principalmente os riscos que asumen cando ofertan a súa vivenda para o aluguer de longa duración.

Incentivar a maior oferta de vivendas en aluguer de longa duración reducirá de forma natural os prezos medios de aluguer, dará resposta á necesidade de maior oferta de vivenda, e axudará a recuperar o equilibrio coa oferta de vivendas turísticas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. É consciente do decrecemento acentuado do parque de vivendas postas en aluguer nos últimos anos en Galicia?
2. Cree que está a existir un maior interese por parte das persoas propietarias por destinar as súas vivendas ó alugueiro turístico e non tanto ó alugueiro de longa duración? Se é así, que cree que explica ese interese?
3. Considera este Goberno que o comportamento do mercado de aluguer de vivenda en Galicia precisa de medidas que incentiven a mobilización de máis inmobles?



4. Cree que o resultado de programas como o de vivenda baleiras teñen incentivado suficientemente as persoas propietarias en Galicia?
5. Comparte este Goberno a idea de que un dos problemas maiores que se alega para non alugar unha vivenda por parte dunha persoa propietaria é a falta de seguridade xurídica ante impagos?
6. Cree que se se minimiza esta reticencia, en vivendas que levan tempo baleiras, poderíase mobilizar moita máis vivenda para o alugueiro de longa duración en Galicia e con iso se regularían de forma natural os prezos medios de aluguer ó existir maior demanda?

Pazo do Parlamento, 23 de outubro de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 23/10/2019 12:10:27

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/10/2019 12:10:39

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/10/2019 12:10:52



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á prevención da transmisión do VIH e de outras ITS.

A prevención da transmisión das infeccións de transmisión sexual forma parte das obrigas do Servizo Galego de Saúde en materia de saúde comunitaria e pública.

Nos últimos tempos diversos países, incluído España, están adoptando pautas en relación á prevención preexposición do VIH a través do tratamento farmacolóxico co antirretroviral emtricitabina/tenofovir.

O Ministerio de Sanidade emitiu unha serie de recomendacións en relación ao uso deste medicamento no marco do Plan Nacional contra o Sida, feito polo que o Grupo Común da Esquerda preguntou á Consellería de Sanidade.

En semanas recentes o Ministerio de Sanidade vén de anunciar o financiamento público para este tratamento para as persoas que cumpran uns requisitos determinados, relacionados co número de parellas ou as prácticas sexuais, entre outras.

Cómpre, polo tanto, como se vai aplicar dita medida en Galicia.

Sen embargo, como non deixaremos de insistir, a profilaxe medicamentosa do VIH non protexe coma é obvio do resto de contaxio de ITS, polo que é razoable a preocupación en torno ao abandono do uso de preservativos nas persoas ás que se lle poidan prescribir dito tratamento. Sobre todo tendo en conta o ascenso da incidencia de ITS.

Polo que parece razoable insistir na necesidade de políticas públicas que fomenten o



uso de métodos de barreira.

Por todas estas circunstancias, presentamos as seguintes preguntas:

- 1.- Estanse a prescribir xa en Galicia tratamentos preventivos en relación ao VIH con emtricitabina/tenofovir? Que opinión lle merecen os criterios marcados polo Ministerio de Sanidade?
- 2.- Vaise elaborar algunha guía clínica da Consellería de Sanidade?
- 3.- Baralla a Xunta de Galicia poñer en marcha un estudo para o posible financiamento de medios profilácticos contra as ITS?
- 4.- Vai realizar a Xunta de Galicia algunha nova campaña publicitaria de prevención?

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2019.

Asdo. Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 23/10/2019 13:21:49



Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Todas e cada unha das ocasións que este grupo e outros teñen sinalado a baixa execución e posta a disposición de vivenda pública en Galicia, tanto en debates en Pleno como en Comisión parlamentaria, o grupo do Goberno ten posto en dúbida e menospreciado os datos facilitados polo propio Ministerio de Fomento, considerando errada a lectura dos cadros.

Polo exposto, e pola importancia que ten para as 14.211 persoas inscritas a día 23 de outubro do 2019 no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda de Galicia, que ven como non se da satisfeito a súa necesidade urxente de acceso a unha vivenda a prezo alcanzable, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal é o número total de vivendas de protección pública executadas, cualificadas definitivamente e postas a disposición do Rexistro Único de Demandantes durante o ano 2016 e especificadas por concellos?
2. Cal é o número total de vivendas de protección pública executadas, cualificadas definitivamente e postas a disposición do Rexistro Único de Demandantes no ano 2017 e especificadas por concellos?
3. Cal é o número total de vivendas de protección pública executadas, cualificadas definitivamente e postas a disposición do Rexistro Único de Demandantes no ano 2018 e especificadas por concellos ?
4. Cal é o número total de vivendas de protección pública executadas, cualificadas definitivamente e postas a disposición do Rexistro Único de Demandantes durante o primeiro semestre do ano 2019 e especificadas por concellos?
5. Cal é o grao de satisfacción deste Goberno co número total de vivendas incorporadas ó parque público de vivenda galego e que foron incorporadas para a súa posta a disposición do Rexistro Único de Demandantes entre o ano 2016 e primeiro semestre do 2019?



6. Creen que o nivel de execución constatado cumpre coas necesidades das galegas e galegos manifestado a día de hoxe no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda de Galicia?

Pazo do Parlamento, 23 de outubro de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 23/10/2019 14:24:40

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/10/2019 14:24:59

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/10/2019 14:25:13





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao cumprimento dos acordos parlamentarios relativos ás ameazas de deslocalización da empresa Unitono e o fracaso da Xunta de Galiza para reter os servizos de Naturgy.

No mes de abril de 2019 o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego rexistrou unha batería de iniciativas ao ter coñecemento das ameazas de deslocalización da empresa Unitono de Ourense por derivarse carga de traballo a Reus e Colombia.

O BNG impulsou iniciativas de diversa índole, tamén no Parlamento Galego, impulsando no Pleno deste un acordo unánime froito da xenerosidade de todos os grupos o pasado 30 de abril de 2019 co seguinte texto:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego as seguintes actuacións:

1.-Realizar as xestións oportunas co fin de determinar as razóns das intencións de deslocalización e a situación da empresa en Ourense e poñer a disposición a colaboración da Xunta de Galicia coa finalidade de manter a actividade da empresa Unitono na súa plataforma situada no Parque Tecnolóxico de Ourense.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.- *Realizar as xestións con Gas Natural Fenosa-Naturgy a fin de exixir que garanta a carga de traballo necesaria para o mantemento da empresa e dos postos de traballo actualmente existentes.*

3.- *Constituír unha mesa de traballo plural na que se garanta a representación do Comité de Empresa, coa finalidade de desenvolver a colaboración para as actuacións necesarias para asegurar carga de traballo para manter a actividade e os postos de traballo, evitando deste xeito a súa deslocalización.*

4.- *Presentar no actual período de sesións un estudo onde se analice a situación do sector dos centros de chamadas así como as necesidades para garantir a súa viabilidade, o seu futuro e o emprego en Galiza.”*

Ademais de incumprir estes acordos, a Xunta de Galiza continúa coa súa estratexia de ouvidos xordos e de practicar a desregulación. Neste contexto, no día en que se asina esta iniciativa comunícase que en novembro Naturgy abandona a plataforma de Ourense.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Como valora a Xunta de Galiza o seu fracaso para reter os servizos de Naturgy en Ourense?

Fixo algunha xestión directa para evitalo? Pode demostralo?

Vai facer a Xunta de Galiza algo distinto a ignorar a situación respecto do futuro de Unitono en Ourense?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vaise dirixir o goberno galego a Naturgy para negocie con Unitono o mantemento da actividade e postos de traballo da empresa en Ourense?

Que actuacións levou a cabo o goberno galego para cumprir os acordos citados?

Como valora a operación de compra?

E a baixada de chamadas do sector enerxético?

Cando constituíu a mesa de traballo? Con que resultado? Como valora o seu funcionamento?

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para garantir o mantemento da actividade e postos de traballo da empresa Unitono en Ourense?

Ten contactado o goberno galego con Naturgy? Con que resultados?

Considera o goberno galego que hai risco de deslocalización? E dun ERE?

Parécelle racional á Xunta de Galiza que a compañía eléctrica explote os recursos naturais galegos e ourensáns e que despois deslocalice todo o emprego auxiliar posíbel? Que ten feito para evitalo?

Considera o goberno que a inexistencia dun marco galego de relacións laborais no que inserir as negociacións dos centros de chamadas galegos é un problema? Demandará que isto mude?

Pensa desenvolver o goberno galego algún Plan concreto no sector dos centros de chamadas para garantir o mantemento en Galiza dos postos de traballo? Con que directrices?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como valora a situación dos dereitos lingüísticos das e dos usuarios do noso país? Considera que están garantidos? Porque o goberno galego non fomenta que esta sexa unha vía de creación de emprego? Que vai facer para que a proximidade coa lusofonía sexa tamén unha vantaxe competitiva?

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 23/10/2019 18:03:58

Xosé Luis Bará Torres na data 23/10/2019 18:04:06

María Montserrat Prado Cores na data 23/10/2019 18:04:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 23/10/2019 18:04:20

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/10/2019 18:04:37

Ana Pontón Mondelo na data 23/10/2019 18:04:46



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA** para a súa resposta escrita, sobre os datos de aplicación da modalidade STEMbach

O pasado 8 de outubro o DOG recollía a resolución do 26 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se resolve definitivamente a relación de centros docentes autorizados para a implantación do bacharelato de excelencia en ciencias e tecnoloxía (STEMbach) para o curso 2019/20. Unha resolución que inclúe a incorporación de 16 novos centros que, cos autorizados o pasado curso, fan 31 centros nos que se imparte esta modalidade de bacharelato.

De acordo coa propia convocatoria:

“O bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía (STEMbach) ademais de cumprir a finalidade prevista con carácter xeral para o Bacharelato no artigo 25 do Decreto 86/2015, polo que se establece o currículo de educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, contribuirá a favorecer no alumnado o afondamento no traballo das competencias matemática e básica en ciencia e tecnoloxía mediante os elementos e os procedementos da investigación e do método científico, dun xeito rigoroso, ordenado e crítico e para desenvolver investigacións propias.”

Esta foi unha das grandes propostas educativas do goberno de Feijóo malia afectar a moi poucos centros e a moitos menos alumnos e alumnas.



Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- 1.^a) Que valoración fai o Goberno galego do funcionamento do STEMBach?
- 2.^a) Que porcentaxe da matrícula nesta modalidade de bacharelato do pasado ano promocionou para o seguinte?
- 3.^a) Cantas persoas se matricularon no curso 2018/2019?
- 4.^a) E no curso presente?
- 5.^a) Cantas das persoas matriculadas eran mozas?
- 6.^a) Que valoración fai de que 5 dos 15 novos centros sexan privados?
- 8.^a) Considera suficiente unha materia a maiores para falar dun bacharelato de excelencia?
- 9.^a) Que actividades complementarias se realizaron no primeiro curso de implantación?
- 10.^a) É consciente do sesgo territorial que ten a aplicación desta modalidade que pode supor unha verdadeira barreira de entrada para o alumnado?
- 11.^a) Que recursos económicos supón para a Xunta de Galicia a aplicación desta modalidade de bacharelato?
- 12.^a) Parécelle suficiente ao Goberno galego que a persoa coordinadora teña só unha hora para exercer esa función?.

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 24/10/2019 09:54:43

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 24/10/2019 09:54:53



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A evolución da produción de berberecho en Galicia vén sendo obxecto de intenso estudo durante os últimos anos en Galicia. A afectación da marteilia foi letal para esta produción, que debilitou ao sector marisqueiro de Galicia, especialmente daquelas rías e confrarías con maior volume de recollida habitualmente.

Durante anos, a Xunta de Galicia foi incapaz de ofrecer resultados e información concreta e resolta sobre a situación, que permitira coñecer e prever escenarios futuros. Na actualidade, repuntan os volumes de produto extraído, o cal son boas noticias para o sector. Non en tanto, sería de interese coñecer en maior medida as previsións e predicións da administración que, mediante os diferentes centros de investigación, ten (ou debería ter) coñecemento real do escenario. Esta información sería de interese para confrarías e traballadores/as do sector, que poderían facer mellores previsións para o desenvolvemento da súa tarefa.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que previsión para o resto do ano ten o Goberno de Galicia sobre o volume de extracción de berberecho nas rías galegas?
2. Que previsión manexa a Xunta de Galicia para o volume de extracción de berberecho nas rías galegas nos vindeiros anos?

Pazo do Parlamento, 23 de outubro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Otero Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 24/10/2019 10:10:07

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2019 10:12:59
Nº Registro: 58058
Data envío: 24/10/2019 10:12:59.661

Patricia Otero Rodríguez na data 24/10/2019 10:10:18

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGyjrG90LqM0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Hoxe tiñamos coñecemento do acontecido en dous centros escolares de Cangas, as garderías de A Choupana e a de O Hío, pertencentes á rede de gardería Galiña Azul dependentes da Consellería de Política Social.

Se ben o venres, no centro de A Choupana advertían xa na primeira quenda de servizo da comida como varios menores sufrían de reaccións alérxicas consistentes en manchas vermellas no corpo, na escola de O Hío acontecía algo similar.

En A Choupana, unha vez advertido o problema, foi retirado na segunda quenda do servizo o menú dese día, comprobándose que os menores nese caso non desenvolveron síntomas algúns.

Dáse a circunstancia de que ambos centros comparten a mesma empresa de cátering.

A pesar da actuación por parte dos técnicos da Consellería de Sanidade para analizar o menú servido e confirmar así cal foi a verdadeira causa desta reacción alérxica que ten sido masiva entre os menores de ambos centros escolares o Grupo dos Socialistas permanece preocupado polos controis que entendemos deberan contar estas empresas de cátering para evitar en todo caso situacións como a que parece ter acontecido en Cangas do Morrazo.

De feito non son novas as incidencias e queixas que os servizos de cátering teñen producido en diferentes puntos de Galicia, tendo que ter actuado a Administración autonómica en varios dos casos.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Coñece este Goberno cal foi a causa das reaccións alérxicas de parte do alumnado das garderías de A Choupana e O Hío?
2. Unha vez coñecida, cree o Goberno que este problema podería terse evitado de terse cumprido correctamente cos protocolos de control e calidade existentes e esixidos ás empresas de cátering que dan servizo ós centros escolares de Galicia?
3. Cantas incidencias deste tipo se teñen producido este ano noutros centros escolares de Galicia segundo as Consellerías de Política Social e de Sanidade?
4. Que tipo de medidas sancionadoras se teñen implementado nos últimos anos fronte a empresas de cátering que teñan causado algún tipo de intoxicación alimentaria?

Pazo do Parlamento, 24 de outubro de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López
Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 24/10/2019 10:35:01

Noela Blanco Rodríguez na data 24/10/2019 10:35:11

Julio Torrado Quintela na data 24/10/2019 10:35:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

No ano 2016 a Consellaría do Mar, a través da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, dita resolucións polas que autoriza a catro embarcacións adicadas á arte do cerco a desembarcar no porto de Porto so Son.

Esta resolución chama a atención por varias razóns: Non aparece publicada nin comunicada a posíbeis afectad@s, a mesma ten data do mesmo día en que a confraría de Porto do Son solicita a utilización do seu porto para descargar especies peláxicas, a mesma confraría reconece, máis dun ano máis tarde, que está realizando xestións para dotar á súa Lonxa de maior infraestrutura de pesaxe para solicitar a autorización como porto de descarga de especies peláxicas de máis de 10.000 kg. e unha fábrica de xeo.

Outro elemento relevante é que na Orde de 5 de xuño de 2008 pola que se regula a captura e desembarco de determinadas especies peláxicas na que figuran os portos autorizados de descarga, non se inclúe o Porto do Son, polo que non é entendíbel que unha resolución, polo tanto de rango inferior á orde, poida conter acordos contrarios a esta.

Con esta instrución estamos polo tanto diante dunha vulneración da xerarquía normativa, ademais de saltarse normativa vixente sobre a descarga, primeira venda e





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comercialización dos recursos mariños en fresco co que se está habilitando un porto para a descarga e incluso primeira venda de capturas procedentes do cerco, cando até ese momento estábao para artes menores ou marisqueo.

Estas actuacións están causando sorpresa e malestar, dado que na vez de que os diferentes portos se diversifiquen e complementen, todo indica que a Consellaría do Mar busca que compitan, causando ineficiencia dos cartos públicos.

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cal é a razón de que a Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica sacara unha resolución autorizando a descarga de especies peláxicas a barcos do cerco en Porto do Son cando este porto non está no listado dos autorizados para este fin?

Como xustifica que por parte da Consellaría do Mar se realice a vulneración da xerarquía normativa, se salte a normativa vixente sobre a descarga, primeira venda e comercialización dos recursos mariños en fresco para habilitar un porto para a descarga e incluso primeira venda de capturas procedentes do cerco, cando até ese momento estábao para artes menores ou marisqueo?

Por que apoia a realización de infraestruturas, (pes, fábrica de xeo...) para que este porto teña condicións para poder atender as demandas do cerco na vez de mellorar as precisas para atender as de artes menores ou marisqueo que é para o que está autorizado?

A que responde a decisión de habilitar este porto para o cerco cando existen dous portos moi próximos para este fin como son Portosín e Ribeira?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A folla de ruta da Consellaría do Mar é fomentar a competencia entre os portos na vez da súa complementariedade e diversificación?

Parécelle eficiente destinar cartos públicos a infraestruturas de nova creación cando existen en peiraos próximos?

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 24/10/2019 12:40:23

Xosé Luis Bará Torres na data 24/10/2019 12:40:30

Noa Presas Bergantiños na data 24/10/2019 12:40:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 24/10/2019 12:40:52

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/10/2019 12:40:59

Ana Pontón Mondelo na data 24/10/2019 12:41:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

A illa de San Simón é un espazo de extraordinario valor cultural, natural, histórico e paisaxístico. En 1999 foi declarado Ben de Interese Cultural pola Xunta de Galicia, e a illa e a súa enseada forman parte da Rede Natura 2000.

A illa ten un **grande valor simbólico como espazo da memoria histórica galega**: escenario da represión franquista entre 1936 e 1943, foi tamén lugar da loita pola liberdade, da solidariedade e da resistencia democrática fronte ao fascismo.

A páxina web da Xunta de Galicia fai referencia explícita a esta cuestión:

Un dos obxectivos da Illa de San Simón é o fomento da memoria histórica a través de accións de investigación, análise e divulgación sobre a base do acontecido no arquipélago, que entre 1936 e 1943 foi convertido en cárcere de presos políticos e espazo de represión polo réxime da Ditadura de Franco.

Este tráxico pasado ten convertido a San Simón nun símbolo da dignificación das súas vítimas, e no máis axeitado escenario para traballar na recuperación da nosa historia e afortalar na nosa sociedade os valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos e civís.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Malia esta declaración de intencións, a realidade é que a partir do ano 2009 desapareceron os contidos e a programación de actividades relacionadas coa recuperación da memoria histórica democrática de iniciativa institucional, de xeito que a única actividade anual que se realiza na Illa relativa a esta temática está organizada polos colectivos memorialísticos galegos.

A ausencia dun plan de usos da illa e dunha programación institucional estábel de iniciativa pública está a provocar de feito a privatización do espazo coa proliferación de actividades organizadas por empresas e de marcado interese comercial.

Un dos últimos exemplos é a que corresponde ao seguinte anuncio, organizada por unha empresa privada e que supón utilizar o interior da illa con un inequívoco ánimo de lucro e con unha actividade ofensiva para as vítimas da represión franquista.

Un Samaín de medo, ¡en la isla de San Simón!

La noche del 31 de octubre vive **el Samaín más auténtico en la isla de San Simón!** La magia de esta noche de terror envolverá a la isla, donde disfrutarás de una **ruta guiada** por nuestro escalofriante equipo de guías. Además, podrás disfrutar de una **cena en uno de los edificios más emblemáticos de la isla**, para embarcarte después en una **auténtica y aterradora aventura en la que tendréis que superar terroríficas pruebas** por la isla ¡lo pasarás de miedo! ¿serás capaz de guiarte por la isla y superar las pruebas? ¿estás preparad@ para gritaaaaar?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Apunta los horarios de las actividades:

Salida desde Vigo: 20:00h.

Regreso desde San Simón: 00:30h. / Llegada a Vigo a las 01:15h.

¡La noche del 31 de octubre vive **el Samaín más auténtico en la isla de San Simón!** La magia de esta noche de terror envolverá a la isla, donde disfrutarás de una **ruta guiada** por nuestro escalofriante equipo de guías. Además, podrás disfrutar de una **cena en uno de los edificios más emblemáticos de la isla**, para embarcarte después en una **auténtica y aterradora aventura en la que tendréis que superar terroríficas pruebas** por la isla ¡lo pasarás de miedo! ¿serás capaz de guiarte por la isla y superar las pruebas? ¿estás preparad@ para gritaaaaar?

Apunta los horarios de las actividades:

Salida desde Vigo: 20:00h.

Regreso desde San Simón: 00:30h. / Llegada a Vigo a las 01:15h.

¡Vente disfrazado y disfruta de la noche más terrorífica del año con nosotros!

Tarifas:

Adultos: 30€

Niños de 3 a 12 años: 15€

Niños de 0 a 3 años: GRATIS

¡Descuento del 10% si reservas antes del 28 de octubre!





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para o BNG constitúe unha auténtica ignominia que se organicen estas actividades lúdicas e frívolas nun espazo que foi un lugar de cautiverio, de terror, de fame, de illamento e de morte, o máis terríbel de toda Galiza, no que estiveron encarceradas máis de 6.000 persoas e no que centos de presos morreron de fame, de enfermidade e por asasinatos centos delas.

Non é a primeira vez que se organizan este tipo de actividades. É habitual que empresas privadas desenvolvan na illa procuras do tesouro, festivais, ceas e todo tipo de celebracións e actos lúdicos que non son propios dun espazo con este significado e simbolismo. Acaso alguén imaxina que empresas privadas organicen ceas de Samaín e visitas con probas terroríficas en Mauthausen ou en Auschwitz?

Para o BNG, e para moitos colectivos e persoas comprometidas coa recuperación da memoria histórica, **a Illa de San Simón non pode ser un parque temático recreativo, un parque de atraccións, un camping, nin a illa do tesouro.**

É un lugar histórico, natural e cultural que merece coidado e dinamización. E que debe ser tratado con respecto e sensibilidade.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que departamento da Xunta autorizou a actividade do “Samaín de medo na Illa de San Simón”?

Considera o goberno galego que este tipo de actividades son acaídas para un lugar de memoria no que tantas persoas sufriron cautiverio, illamento, terror, tortura, fame e morte?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que criterios segue a Xunta de Galiza para autorizar este tipo de actividades?

Considera a Xunta de Galiza que un BIC que ademais é un lugar de memoria pode acoller todo tipo de actividades lucrativas e que ofenden a memoria das vítimas do franquismo?

Ten previsto a Xunta de Galiza aprobar un Plan de usos da illa de San Simón e promovela como espazo simbólico da represión, da resistencia contra o terror franquista e da loita polas liberdades e os dereitos democráticos?

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 24/10/2019 13:06:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 24/10/2019 13:06:58

Noa Presas Bergantiños na data 24/10/2019 13:07:06

Olalla Rodil Fernández na data 24/10/2019 13:07:21

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/10/2019 13:07:29

Ana Pontón Mondelo na data 24/10/2019 13:07:37



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e Davide Rodríguez Estévez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O desleixo da Xunta coa cociña do Hospital de Ourense é histórico. A Inspección de Traballo chegou a instar á Xunta de Galicia a corrixir deficiencias da cociña do CHUO por riscos laborais que ameazaban a saúde e seguridade do persoal.

En novembro de 2017 abriuse o novo edificio de hospitalización do CHUO, manténdose o servizo de cociña no Edificio Cristal, co cal o persoal tivo que facer longos percorridos a pé cada día. A día de hoxe aínda non hai data de apertura da nova cociña, situada no novo edificio, na que a Xunta investiu 5,2 millóns de euros. E xa pasou a data sinalada pola EOXI “a finais de setembro-outubro de 2019”.

O 7 de agosto de 2019 a Xerencia da EOXI de Ourense presentou ao persoal un borrador do Plan Funcional da Cociña nova, cun cadro de persoal que se cifra en 82 pinches. Fronte a estas previsións, os Orzamentos da Xunta de 2019 prevían 113 pinches, habendo na actualidade 96 en carteleira, das cales só 22 son persoal fixo.

Este persoal, ademais, está xa saturado, pois está facendo máis horario do contemplado na súa xornada, sen remuneración, para poder garantir o servizo ás persoas usuarias.

O persoal denuncia, ademais, que aínda non se prestou a formación, necesaria para a utilización dos novos aparatos. A nova cociña vai requirir, seguramente, máis persoal ou, canto menos, non reducir o actual.



O Conselleiro de Sanidade, no Pleno do Parlamento celebrado o 23 de outubro de 2019, non aclarou cando vai abrir a nova cociña nin canto persoal terá, máis aló de afirmar que “non vai reducir o persoal”.

Polo exposto, a deputada e o deputado que subscriben formulan a seguinte pregunta á Xunta de Galicia:

- Cando vai estar operativa a nova cociña do CHUO?
- Vai reducir o persoal de cociña do CHUO?
- Vai ter a nova cociña unha dotación axeitada de persoal?
- Vai estabilizar e consolidar o persoal da cociña?
- Cando vai a Xunta prestar a formación específica para o persoal da cociña do CHUO?
- Vai asumir a cociña do CHUO o traballo de cociña do Hospital de Verín?

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputado do G.P. Mixto

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 24/10/2019 13:19:27

David Rodríguez Estévez na data 24/10/2019 13:19:40





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa as demandas dun convenio colectivo digno para @s investigadores/as dos institutos de investigación biomédica de Galiza.

Os institutos de investigación biomédica de Galiza son estruturas organizativas de promoción e desenvolvemento da investigación nos hospitais. Constitúsen como espazos multidisciplinares, co obxectivo de promover a investigación translacional e a innovación, para así garantir a aplicación efectiva dos resultados para beneficio das/os cidadáns.

O valor do seu traballo, a través da aplicación clínica, aporta importantes beneficios sobre a saúde das persoas.

@s presidentes/a dos comités de empresa das Fundacións Biomédicas de investigación sanitaria de Galiza: Fundación Biomédica Galicia Sur, Fundación Prof. Nóvoa Santos e Fundación IDIS reuníronse cos diferentes grupos parlamentares para expoñernos a situación laboral que padece o persoal e en demanda de apoio para que a consellaría de Sanidade acepte negociar un convenio colectivo digno.

Trasládannos que este convenio atinxe a máis de 500 traballadores/as que a día de hoxe non teñen unha norma propia que regule nin as súas condicións laborais, nin as súas obrigas profesionais. Esta situación impide un correcto desenvolvemento da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

carreira investigadora en Galiza e dignificar as condicións laborais actuais e pon en perigo a captación do talento que non se retén pola falta de interese da consellaría de Sanidade.

@s representantes do persoal das fundacións denuncian ademais que mentres a consellaría se gaba do alto valor da investigación científica en Galiza e dos beneficios que isto reporta para os avances da medicina e a súa aplicación clínica para a saúde da poboación, condena @s profesionais a unhas condicións de inestabilidade e precariedade, en xeral.

Polas razóns expostas formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Considera o Goberno galego que @s investigadores/as dos institutos de investigación biomédica de Galiza teñen unha condicións laborais dignas acordes á función que realizan?

Vai implicarse no desbloqueio da negociación do convenio colectivo?

Vai abrir unha negociación para un convenio colectivo digno en base á realidade existente en Galiza e para todas as categorías?

Vai designar representante da Consellaría de Sanidade para esta negociación que teña capacidade de decisión?

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2019





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 24/10/2019 13:41:13

Xosé Luis Bará Torres na data 24/10/2019 13:41:21

Noa Presas Bergantiños na data 24/10/2019 13:41:30

Olalla Rodil Fernández na data 24/10/2019 13:41:51

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/10/2019 13:42:16

Ana Pontón Mondelo na data 24/10/2019 13:42:24



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Óscar Vilar Chento, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 d Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A velutina, como todas e todos sabemos, xa é un insecto habitual de Galicia. A cantidade de niños retirados anualmente exemplifican ben a magnitude coa que esta especie invasora se instalou no noso rural, pero tamén no urbano.

Cando a avéspera chegou a Galicia só construía niños nas árbores, na actualidade xa nos atopamos con niños nas árbores, debaixo dos tellados dos alpendres, nunha parede dun supermercado, na esquina dunha leira ou incluso nunha ribada con parte do niño baixo terra, buscando as condicións climatolóxicas favorables.

En relación aos niños que se atopan nas árbores e baixo das liñas de alta tensión que atravesan por enriba a árbore e coa utilización da pértiga existe a posibilidade de que se produza o chamado efecto “arco eléctrico” o que leva consigo un perigo para as persoas traballadoras que acoden a retiralo como para a veciñanza do lugar.

Por iso os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Ten a Xunta de Galicia un protocolo para a retirada de niños de velutina próximos ás liñas de alta tensión, en caso afirmativo, en que consiste?

2ª) En caso negativo, cal é o método usado para retirar os niños de velutina próximos ás liñas de alta tensión?

3ª) Retirou a Xunta de Galicia algún niño de velutina próximo ás liñas de alta tensión, en caso afirmativo, en que data e en que concellos?



4ª) Ten pendente a Xunta de Galicia, a retirada dalgún niño de velutina próximo ás liñas de alta tensión, en caso afirmativo, desde que data e en que concellos?

Pazo do Parlamento, 23 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 23/10/2019 19:08:14

Oscar Vilar Chento na data 23/10/2019 19:08:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á afirmación realizada polo Presidente da Xunta a respecto dunha nova ambulancia para o Deza, situada en Lalín.

O Presidente da Xunta na sesión de control celebrada no Parlamento Galego o día 23 de outubro, afirmou textualmente que “haberá unha nova ambulancia no Deza, situada en Lalín” “está adxudicado desde o mes de setembro”.

No Prego de Cláusulas Administrativas para a Contratación do Servizo de Transporte Urxente Sanitario Terrestre para a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, consta no “lote 12 Área de transporte sanitario urxente de Santiago unha (1) ambulancia AA-SUB CLASE B 24 horas, con ubicación base en Lalín con zona de cobertura Agolada, Dozón, Lalín e Rodeiro, coincidindo exactamente coa xa existente.

Na resolución da adxudicación asinada con data 24 de setembro de 2019 á UTE Casablanca y Otros, sen que se estableza ningunha modificación a respecto do prego de cláusulas administrativas.

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A nova ambulancia anunciada, é a que consta na resolución do concurso ou outra a maiores?

Se é unha a maiores, onde consta a súa adxudicación?

Cando e onde costa a modificación do Prego de Cláusulas administrativas ampliando as que estaban inicialmente?

Cales son as súas características: tipo de ambulancia, número de profesionais destinad@s á mesma, horas que vai estar operativa...?

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2019

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 24/10/2019 18:28:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 24/10/2019 18:28:08

Noa Presas Bergantiños na data 24/10/2019 18:28:15

Olalla Rodil Fernández na data 24/10/2019 18:28:29

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/10/2019 18:28:37

Ana Pontón Mondelo na data 24/10/2019 18:28:47



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 46937**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación coa situación existente no centro residencial e de día do concello de Cerceda, a consecuencia da insuficiencia da súa dotación de persoal, así como a solución prevista pola Consellería de Política Social ao respecto”**, (publicada no BOPG número 442 do 7 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social** que ten o seguinte contido:

“A cualificación e as ratios de persoal do CAMP de Cerceda, ao igual que o resto de CAMPs do Consorcio, cumpren na súa totalidade coa normativa vixente, sendo incluso superiores.

As e os profesionais que traballan en todos os centros do Consorcio teñen cualificación suficiente e as ferramentas procedimentais necesarias para atender e intervir nas necesidades das persoas usuarias, non sendo necesario a implementación de ningunha medida extraordinaria”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2019 13:11:54
Nº Rexistro: 57876
Data envío: 21/10/2019 13:11:54.722

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/10/2019 13:11:51

CSV: BOPGDSPGyjrG90LqM0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 48649**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego para resolver as carencias que presentan as instalacións, así como a dotación de medios humanos e materiais da Unidade de Desenvolvemento Infantil e Apoio Familiar de Vilagarcía de Arousa”**, (publicada no BOPG número 459 do 10 de abril de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A atención temperá ten como finalidade ofrecer aos nenos e nenas de 0-6 anos con trastornos no seu desenvolvemento ou con risco de padecelos un conxunto de accións compensadoras, que faciliten a súa adecuada maduración en todos os ámbitos e que lles permita alcanzar o máximo nivel de desenvolvemento persoal e de integración social.

Conforman a Rede galega de servizos de atención temperá todos os servizos e programas de que sexan titulares as diferentes administracións públicas galegas, nos ámbitos sanitario, educativo e de servizos sociais, ben sexan xestionados de forma directa ou indirectamente a través de entidades de iniciativa social.

Actualmente na nosa Comunidade Autónoma dispónse con recursos de atención temperá a nivel municipal subvencionados pola Consellería de Política Social, con recursos educativos e sanitarios dentro dos distintos complexos hospitalarios no ámbito das Consellerías respectivas, e con recursos desta mesma tipoloxía no ámbito das entidades de iniciativa social, igualmente subvencionados pola Xunta de Galicia a través de diferentes programas.

Polo tanto, para unha análise completa do esforzo inversor da Xunta de Galicia no ámbito da atención temperá é necesario ter en conta en primeiro lugar as distintas unidades de atención temperá adscritas



ao Servizo Galego de Saúde actualmente existentes nos complexos hospitalarios das Comunidade Autónoma e que conforman da Rede Galega de Atención Temperá que son as seguintes:

Unidades de Atención Temperá Hospitalaria	Ámbito	Titularidade
Unidade de Atención Temperá Hospital Novoa Santos Ferrol	Area Sanitaria Ferrol	SERGAS
Unidade de Atención Temperá Hospital Teresa Herrera Coruña	Area Sanitaria Coruña	SERGAS
Unidade de Atención Temperá Hospital Clínico Universitario Santiago de Compostela	Area Sanitaria Santiago Compostela	SERGAS
Hospital Universitario Lucus Augusti	Area Sanitaria Lugo	SERGAS
Hospital da Costa	Mariña lucense	SERGAS
Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Área Sanitaria de Ourense	SERGAS
Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra	Area Sanitaria Pontevedra	SERGAS
Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	Area Sanitaria Vigo	SERGAS
Centro San Rafael	Vigo	Concertado

Así mesmo, a estas unidades habería que engadir os equipos de orientación específicos (EOE) da Consellería de Educación, existentes en cada unha das Xefaturas Territoriais. Estes servizos teñen unha composición profesional que pretende dar resposta ás necesidades de intervención externa ligadas a aspectos psicopedagóxicos específicos e a cuestións sociais que teñen incidencia no ámbito educativo.

Pola súa parte, a Consellería de Política Social promove a prestación de este tipo de servizos de atención temperá principalmente mediante o financiamento de dúas liñas de actuación, dirixidas por unha banda ás entidades de iniciativa social do ámbito da discapacidade e por outra ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais, a convocatoria anual con cargo á asignación tributaria do 0,7% IRPF supón outra importante liña de financiamento destinada a subvencionar os gastos de funcionamento dos programas e recursos de atención temperá promovidos por entidades do ámbito da discapacidade

Para o financiamento dos servizos integrados na Rede galega de atención temperá a Consellería de Política Social convocou para o anos 2018-2019 una liña de subvencións cofinanciadas polo Fondo Social Europeo Programa Operativo Galicia 2014-2020, destinada ás entidades locais de Galicia que prestasen este tipo de servizos ben de xeito individual ou ben mediante sistema de xestión compartida, a través de agrupacións ou mancomunidades de Concellos e consorcios locais.

O crédito inicial previsto é de 1.633.953 € (anualidade 2019) distribuído en dous programas:

- Programa I: consolidación de servizos financiados ao abeiro da orde precedente: 1.120.983,60 €



- Programa II: servizos actualmente non subvencionados ao abeiro da citada orde e implantación de novos: 512.969,40 €

O orzamento destinado ao financiamento dos servizos da Rede galega de atención temperá para o presente período subvencionable (01/11/2018-31/10/2019) representa un incremento do 17,67 % con respecto aos recursos destinados para esta mesma finalidade no anterior período por esta Consellería (01/11/2017-31/10/2018).

Coa resolución desta nova convocatoria consolídanse as 13 unidades preexistentes (que dan servizo a un total de 56 concellos) postas en marcha coas anteriores convocatorias e concédeselle axudas a 10 novas unidades (que darán servizo a un total de 26 concellos), facendo un total de 23 unidades de atención temperá subvencionadas mediante esta liña.

Finalmente, esta Consellería subvenciona, a través dun convenio de colaboración anual asinado coa Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT), o funcionamento de tres unidades de atención temperá, situadas nas comarcas do Deza, Salnés e Bergantiños, cun orzamento total neste ano 2019 de 315.000 euros. Estas tres unidades dan servizo aos seguintes 22 concellos da Comunidade Autónoma de Galicia:

- Comarca do Deza: Agolada, Dozón, Lalín, Rodeiro, Silleda y Vila de Cruces.
- Comarca do Salnés: Cambados, A Illa de Arousa, O Grove, Meaño, Meis, Ribadumia, Sanxenxo, Vilagarcía de Arousa y Vilanova de Arousa.
- Comarca de Bergantiños: Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Ponteceso.

De acordo coa Memoria de Actividades que recolle o funcionamento das tres unidades durante o ano 2018, as tres unidades en funcionamento manteñen datos excelentes nos seus resultados avaliados tanto no aspecto cuantitativo como na satisfacción das familias atendidas, obtendo unha cualificación próxima á máxima puntuación e cunha alta participación das familias nas enquisas.

A Consellería de Política Social vai continuar na liña de ampliar o número de unidades de atención temperá dentro da Comunidade Autónoma, configurando este servizo como unha atención especializada, fomentando a accesibilidade na intervención, a través da creación de equipos itinerantes interdisciplinarios especializados en desenvolvemento infantil, que garantan o acceso a servizos de atención temperá ás familias que vivan en áreas de alta dispersión xeográfica.



Así mesmo, ademais de consolidar e expandir a Rede galega de atención temperá para chegar a máis puntos do territorio da nosa Comunidade Autónoma, a Consellería de Política Social ten entre os seus obxectivos continuar reforzando a coordinación dos profesionais que prestan o servizo de atención temperá e facilitar a súa formación a través do desenvolvemento de programas formativos desenvolvidos dende a Xunta de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2019 13:22:36
Nº Rexistro: 58019
Data envío: 23/10/2019 13:22:36.475

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/10/2019 13:22:27

CSV: BOPGDSPGyjrG90LqM0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita número: **49724**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros deputados do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto da perda de poboación que rexistra Galicia nos dez últimos anos, en especial, nos concellos rurais, así como as razóns da Consellería do Medio Rural para deixar sen executar no ano 2018 máis de 100 millóns de euros nos programas orzamentarios 55. Actuacións e valorización do medio rural e 71. Dinamización económica do medio rural”**, (publicada no BOPG número 477 do 15 de maio de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia é plenamente consciente da situación demográfica de Galicia, como tamén o é de que o resultado das políticas que está a desenvolver non serán visibles no curto prazo: son precisos anos para revertir os efectos dunha dinámica que se vén producindo dende hai máis de tres décadas.

Neste senso está a tramitar a Lei de Impulso Demográfico de Galicia, unha norma pioneira no contexto español e europeo, xa que é a primeira vez que un goberno eleva a rango de lei a abordaxe e xestión do cambio demográfico.

O contido da norma baséase na diagnose e na análise DAFO-CAME recollidas no Informe Galicia: perspectivas demográficas, elaboradas no seo do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica e aprobadas por unanimidade do seu pleno.

Responde a unha proposta integral e transversal que ten como finalidade a creación de contornos favorables para que as galegas e galegos poidan levar a cabo o seu proxecto vital e familiar en Galicia e para que outras persoas consideren Galicia un lugar atractivo para establecerse.

Impulsa o retorno da poboación galega residente no exterior e recolle previsións dirixidas á captación de nova poboación en correspondencia coas demandas do mercado laboral.



O capítulo quinto establece un marco favorable para o asentamento de nova poboación na Comunidade autónoma. Con esta finalidade, impulsa o retorno da poboación galega residente no exterior e da súa descendencia mediante o afianzamento dos seus vínculos con Galicia, o acceso a programas e servizos en igualdade de condicións que o resto da poboación galega e o apoio para conseguir a súa plena integración social e laboral. Así mesmo, recolle previsións dirixidas á captación de nova poboación en correspondencia coas demandas do mercado laboral e ao desenvolvemento de programas de acollida que faciliten a integración das novas persoas que se asenten en Galicia.

Así mesmo, na exposición de motivos da pregunta, o grupo parlamentario socialista fai referencia á execución do programa 55 e 71 por parte da Consellería do Medio Rural. O denominado programa é o cuarto nivel da clasificación funcional (que ofrece información sobre a finalidade do gasto) e se identifica por un código alfanumérico dotado de 3 díxitos numéricos e unha letra. Os díxitos corresponderíase co grupo no que se integra o programa.

Intuíndo que a pregunta se refire ás funcións 5.5 e 7.1, non é exacta a información que consta na pregunta, xa que nas funcións sinaladas quedan por executar menos de 40 millóns de euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2019 13:11:32
Nº Rexistro: 57873
Data envío: 21/10/2019 13:11:32.550

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/10/2019 13:11:17

CSV: BOPGDSPGyjrG90LqM0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 50856**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“o procedemento e o prazo previsto polo Goberno galego para a creación das 45 novas prazas de medicina, enfermería e fisioterapia anunciadas na Atención Primaria para o ano 2019, a súa distribución por categorías e centros de saúde, así como os criterios seguidos ao respecto”**, (publicada no BOPG número 486 do 12 de xuño de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

O Plan Galego de Atención Primaria 2019-2021 prevé a creación de 45 prazas no ano 2019 en centros de Atención Primaria.

Para a distribución das novas prazas realizouse unha análise de estratificación poboacional de todos os pacientes en función da súa complexidade, baseándose no consumo de recursos sanitarios e dos médicos/as dispoñibles. Para a realización desta análise utilizáronse as TIS axustadas.

Tomouse como criterio xeral o reforzo daqueles dispositivos nos que se observa un número de TIS axustadas superior a 1.400 por médico/a de familia e unha porcentaxe de persoas maiores de 74 anos superior ao 10%, así coma outros factores (morbilidade, cronicidade, dispersión xeográfica ou dependencia).

A totalidade das prazas que se crean serán incluídas na oferta pública de emprego para a súa cobertura con carácter definitivo.

No momento actual xa están dotadas orzamentariamente, en desenvolvemento da Lei 2/2019, do 1 de maio, pola que se concede un suplemento de crédito para o reforzo de actuacións prioritarias para o ano 2019, cunha dotación de 1.556.358€ destinada á dita finalidade e iniciouse a cobertura

página 1 de 2



das mesmas con carácter estable mediante a formalización dos correspondentes nomeamentos interinos.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2019 09:53:43
Nº Rexistro: 57995
Data envío: 23/10/2019 09:53:43.866

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/10/2019 9:53:37

CSV: BOPGDSPGyjrG90LqM0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 51764**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a actuación que está a levar a cabo o Goberno galego en relación coa garantía da calidade asistencial no centro sociosanitario de Ribadumia, o coñecemento das queixas e reivindicacións do persoal e as medidas previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 493 do 26 de xuño de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social** que ten o seguinte contido:

“É preciso indicar que a inspección de servizos sociais ten como fin verificar o estrito cumprimento da normativa aplicable nesta materia, de xeito que se garantan os dereitos das persoas usuarias e se procure a mellora continua da calidade nos servizos sociais que se lles presten aos cidadáns e ás cidadás no territorio de Galicia.

Durante as visitas de inspección que se realizan aos distintos centros e programas de servizos sociais, o persoal inspector fai unha revisión exhaustiva sobre o cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa de aplicación respecto dos aspectos documentais, o estado e uso das instalacións, a rateo de persoal de atención directa, o funcionamento e os servizos que se prestan, e a garantía dos dereitos das persoas usuarias.

Isto tanto nos centros públicos de xestión propia ou concertada, como nos centros privados. E como non pode ser doutra forma estas visitas se realizan sen aviso previo ao centro, xa que doutra forma a inspección perdería a súa efectividade ao non existir o factor ‘sorpresa’.

O persoal inspector actúa, no desenvolvemento das súas funcións, con plena independencia, obxectividade e imparcialidade, polo que o exposto nesta iniciativa está a poñer en dúbida o bo labor que veñen realizando estes profesionais, ademais de manifestar o descoñecemento do funcionamento da inspección de servizos sociais.



Sobre o centro en concreto ao que se fai referencia na iniciativa, a Residencia DomusVi Ribadumia, hai que sinalar que se trata dun centro de titularidade privada. Polo tanto, non é certo que esteamos ante unha empresa concesionaria encargada da xestión dun centro público da Xunta de Galicia. Neste centro, a Consellería de Política Social ten contratadas 114 prazas no centro para a súa reserva e ocupación, como en outros moitos centros de titularidade privada.

Dende a súa posta en funcionamento no ano 2004 esta residencia foi visitada pola inspección de servizos sociais de forma regular, realizándose tanto visitas planificadas no plan de inspección como por mor das queixas ou reclamacións que se presentaron. Tras estas visitas emitíronse as correspondentes actas e informes de inspección, e coas deficiencias detectadas achegáronse á entidade os respectivos requirimentos para a súa emenda. Na última visita de inspección ordinaria realizada ao centro, que tivo lugar o día 1 de marzo deste ano, non se constataron deficiencias que motivaran polo persoal inspector a proposta de incoación dun expediente sancionador. Por outro lado, o pasado 21 de maio recibíuse na inspección de servizos sociais unha denuncia presentada por 4 traballadoras e delegadas de persoal de UGT da residencia. Nesta denuncia afirmábase, entre outras cousas, que no centro se comezaba a levantar ás persoas usuarias ás 06:00 da mañá para comezar a erguelas, asealas e duchalas, e que no centro superábase a ocupación máxima autorizada ata en 8 prazas.

Dada a gravidade dos feitos denunciados, dende a inspección de servizos sociais xirouse unha visita ao centro o día 22 de maio, é dicir o día seguinte ao de recibirse a denuncia, presentándose nas instalacións dous inspectores ás 06:30 horas. Nesta visita non se constataron os feitos denunciados. Non se detectou que se estivera a levantar a persoas a horas non axeitadas, e ademais de non ter exceso de ocupación o centro tiña unha praza libre.

Polo exposto sorprende que se acuse á Xunta de Galicia de desleixo e abandono na función de inspección, xa que dende a Consellería de Política Social estase a dar resposta de forma dilixente ás denuncias recibidas. Neste caso concreto, a Consellería de Política Social actuou de forma inminente a través da inspección de servizos sociais, realizando unha visita de inspección ao día seguinte ao de recibirse a denuncia.

Sinalar que durante o ano 2018 realizáronse 1.269 inspeccións a centros e programas de servizos sociais, cun elevado grao de cumprimento da planificación realizada. No Plan de inspección de servizos sociais de Galicia para o ano 2019 prevense facer un total de 1.356 inspeccións, o que supón un incremento dun 6,85% sobre o ano anterior”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2019 13:21:57
Nº Rexistro: 58016
Data envío: 23/10/2019 13:21:57.694

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/10/2019 13:21:49

CSV: BOPGDSPGyjrG90LqM0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 52625**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Flora María Miranda Pena e don Antón Sánchez García, sobre **“as medidas a adoptar pola Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde en relación ás condicións laborais, cobertura e oferta de prazas para o personal dos Puntos de Atención Continuada”**, (publicada no BOPG número 513 do 30 de xullo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

O pasado 17 de xullo de 2019, a Administración Sanitaria asinou un acordo coas organizacións sindicais CIG, CCOO, CESM, O`MEGA, UGT, CSIF e co Comité de Folga dos puntos de atención continuada, en materia de condicións de traballo dos profesionais dos PACS do Servizo Galego de Saúde, en relación coas preguntas formuladas. Neste acordo procedeuse á desconvocatoria da folga que, con carácter indefinido se desenvolvía desde o día 7 de xaneiro de 2019 no ámbito da Atención Primaria nos Puntos de Atención Continuada.

O mencionado acordo contén medidas que contribúen a mellora das condicións de traballo do profesionais dos Puntos de Atención Continuada:

1.- Acórdase abonar dúas dietas de manutención na contía do acordo 2008-2012, nos supostos de prestación de servizos de 24 horas.

2.- Computarase como xornada efectiva o tempo de reunión que os profesionais teñan coas xerencias, fora da súa xornada laboral.

3.- No ano 2019 mellorarase a dotación de equipos de protección individual cunha imaxe corporativa única, seguindo as directrices do estudo por parte dos Servizos de Prevención en Riscos Laborais das características do posto de traballo, tanto no PAC como nas saídas a vía pública para cada profesional.

4.- As Xerencias deberán negociar e acordar cos servizos, na anualidade previa a súa entrada en vigor, os indicadores de calidade, de actividade e de resultados a incluír no acordo de xestión do servizo.



5.- A Administración, previa revisión dos plans funcionais, comprométese a facer un estudo no ano en curso do aumento de carga asistencial, para crear as prazas necesarias, en función das dispoñibilidades presupostarias para poder realizar una adecuada asistencia de calidade nos PACs.

Os plans funcionais serán obxecto de revisión anual, conforme ao procedemento establecido na Orde do 4 de xuño de 2008 (DOG Núm. 115 do 16 de xuño).

Así mesmo, nos casos de circunstancias especiais que conleven incrementos de actividade previsible a Administración comprométese a reforzar o PAC eses días nas categorías de médica/o de familia e enfermeira/o que resulten precisos.

O Servizo Galego de Saúde comprometeuse a facer un estudo para solventar o déficit de persoal de enfermaría priorizando inicialmente naqueles PAC onde exista un único efectivo de enfermaría habendo dous ou máis médicos, coa finalidade de crear no ano 2020 as prazas necesarias, en función das dispoñibilidades orzamentarias.

6.- Acordouse o incremento do concepto atención continuada (nocturnidade e festividade) que perciben as/os médicas/os de familia e o persoal de enfermaría dos PAC ata acadar os valores actualizados correspondentes ao dito complemento para o persoal médico de urxencias hospitalarias e de enfermería conforme o recollido nos Anexos XI e XIV respectivamente da Orde de confección de nóminas do 1 de xullo de 2019. Dito incremento distribuirase nunha porcentaxe do 80% no ano 2020 e do 20% no ano 2021 (100% da contía a partires do ano 2021).

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2019 09:53:33
Nº Rexistro: 57994
Data envío: 23/10/2019 09:53:33.366

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/10/2019 9:53:26

CSV: BOPGDSPGyjrG90LqM0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 52626**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Flora María Miranda Pena e don Antón Sánchez García, sobre “**as medidas a adoptar pola Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde en relación ás condicións laborais, cobertura e oferta de prazas para o personal dos Puntos de Atención Continuada**”, (publicada no BOPG número 513 do 30 de xullo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

O pasado 17 de xullo de 2019, a Administración Sanitaria asinou un acordo coas organizacións sindicais CIG, CCOO, CESM, O`MEGA, UGT, CSIF e co Comité de Folga dos puntos de atención continuada, en materia de condicións de traballo dos profesionais dos PACS do Servizo Galego de Saúde, en relación coas preguntas formuladas. Neste acordo procedeuse á desconvocatoria da folga que, con carácter indefinido se desenvolvía desde o día 7 de xaneiro de 2019 no ámbito da Atención Primaria nos Puntos de Atención Continuada.

O mencionado acordo contén medidas que contribúen a mellora das condicións de traballo do profesionais dos Puntos de Atención Continuada:

- 1.- Acórdase abonar dúas dietas de manutención na contía do acordo 2008-2012, nos supostos de prestación de servizos de 24 horas.*
- 2.- Computarase como xornada efectiva o tempo de reunión que os profesionais teñan coas xerencias, fora da súa xornada laboral.*
- 3.- No ano 2019 mellorarase a dotación de equipos de protección individual cunha imaxe corporativa única, seguindo as directrices do estudo por parte dos Servizos de Prevención en Riscos Laborais das características do posto de traballo, tanto no PAC como nas saídas a vía pública para cada profesional.*
- 4.- As Xerencias deberán negociar e acordar cos servizos, na anualidade previa a súa entrada en vigor, os indicadores de calidade, de actividade e de resultados a incluír no acordo de xestión do servizo.*



5.- A Administración, previa revisión dos plans funcionais, comprométese a facer un estudo no ano en curso do aumento de carga asistencial, para crear as prazas necesarias, en función das dispoñibilidades presupostarias para poder realizar una adecuada asistencia de calidade nos PACs.

Os plans funcionais serán obxecto de revisión anual, conforme ao procedemento establecido na Orde do 4 de xuño de 2008 (DOG Núm. 115 do 16 de xuño).

Así mesmo, nos casos de circunstancias especiais que conleven incrementos de actividade previsible a Administración comprométese a reforzar o PAC eses días nas categorías de médica/o de familia e enfermeira/o que resulten precisos.

O Servizo Galego de Saúde comprométese a facer un estudo para solventar o déficit de persoal de enfermaría priorizando inicialmente naqueles PAC onde exista un único efectivo de enfermaría habendo dous ou máis médicos, coa finalidade de crear no ano 2020 as prazas necesarias, en función das dispoñibilidades orzamentarias.

6.- Acordouse o incremento do concepto atención continuada (nocturnidade e festividade) que perciben as/os médicas/os de familia e o persoal de enfermaría dos PAC ata acadar os valores actualizados correspondentes ao dito complemento para o persoal médico de urxencias hospitalarias e de enfermería conforme o recollido nos Anexos XI e XIV respectivamente da Orde de confección de nóminas do 1 de xullo de 2019. Dito incremento distribuirase nunha porcentaxe do 80% no ano 2020 e do 20% no ano 2021 (100% da contía a partires do ano 2021).

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2019 09:53:22
Nº Rexistro: 57993
Data envío: 23/10/2019 09:53:22.100

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/10/2019 9:53:12

CSV: BOPGDSPGyjrG90LqM0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 44827**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e don Luís Villares Naveira, sobre **“o prazo previsto pola Xunta de Galicia para cubrir a demanda de prazas en escolas infantís de 0 a 3 anos en Monforte de Lemos”**, (publicada no BOPG número 427 do 6 de febreiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social** que ten o seguinte contido:

“A escola infantil ‘Gardería San Vicente de Paul’ está prestando servizos con normalidade no curso 2019-2020.

Galicia conta cunha ampla rede de recursos de atención á infancia de 0 a 3 anos, que se traduce nunha ratio de cobertura superior ao 44%, superando en 11 puntos a ratio aconsellada pola Unión Europea.

Para o presente curso 2019-2020 a Consellería de Política Social ten adxudicadas as prazas do servizo de educación infantil en escolas infantís de titularidade privada, que se rexen polos prezos establecidos pola Administración autonómica. A través deste procedemento, a Xunta pon en Monforte 10 prazas á disposición das familias.

O recurso completase co Bono Concilia, co que se garante que a lista de agarda sexa de cero. Trátase dun recurso complementario ás prazas de escolas infantís de 0 a 3 anos que se pon a disposición dos pais e nais e que ten por obxecto contribuír a sufragar o custo dunha praza nunha escola privada a aquelas que non a obtiveran nun centro con financiamento público ou que residan en concellos onde non hai un recurso deste tipo sostido con fondos públicos”.



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2019 09:53:54
Nº Rexistro: 57996
Data envío: 23/10/2019 09:53:54.678

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/10/2019 9:53:47

CSV: BOPGDSPGyjrG90LqM0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 46936**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a solución prevista polo Goberno galego para resolver o problema de falta de persoal no centro residencial e de día do concello de Cerceda”**, (publicada no BOPG número 441 do 6 de marzo de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social** que ten o seguinte contido:

“A cualificación e as ratios de persoal do CAMP de Cerceda, ao igual que o resto de CAMPs do Consorcio, cumpren na súa totalidade coa normativa vixente, sendo incluso superiores.

As e os profesionais que traballan en todos os centros do Consorcio teñen cualificación suficiente e as ferramentas procedimentais necesarias para atender e intervir nas necesidades das persoas usuarias, non sendo necesario a implementación de ningunha medida extraordinaria”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2019 13:12:01
Nº Rexistro: 57877
Data envío: 21/10/2019 13:12:01.597

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/10/2019 13:11:58

CSV: BOPGDSPGyjrG90LqM0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 49725**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros deputados do mesmo grupo, sobre **“as razóns da Consellería do Medio Rural para deixar sen executar no ano 2018 máis de 100 millón de euros nos programas orzamentarios 55. Actuacións e valorización do medio rural e 71. Dinamización económica do medio rural”**, (publicada no BOPG número 476 do 14 de maio de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia é plenamente consciente da situación demográfica de Galicia, como tamén o é de que o resultado das políticas que está a desenvolver non serán visibles no curto prazo: son precisos anos para revertir os efectos dunha dinámica que se vén producindo dende hai máis de tres décadas.

Neste senso está a tramitar a Lei de Impulso Demográfico de Galicia, unha norma pioneira no contexto español e europeo, xa que é a primeira vez que un goberno eleva a rango de lei a abordaxe e xestión do cambio demográfico.

O contido da norma baséase na diagnose e na análise DAFO-CAME recollidas no Informe Galicia: perspectivas demográficas, elaboradas no seo do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica e aprobadas por unanimidade do seu pleno.

Responde a unha proposta integral e transversal que ten como finalidade a creación de contornos favorables para que as galegas e galegos poidan levar a cabo o seu proxecto vital e familiar en Galicia e para que outras persoas consideren Galicia un lugar atractivo para establecerse.

Impulsa o retorno da poboación galega residente no exterior e recolle previsións dirixidas á captación de nova poboación en correspondencia coas demandas do mercado laboral.



O capítulo quinto establece un marco favorable para o asentamento de nova poboación na Comunidade autónoma. Con esta finalidade, impulsa o retorno da poboación galega residente no exterior e da súa descendencia mediante o afianzamento dos seus vínculos con Galicia, o acceso a programas e servizos en igualdade de condicións que o resto da poboación galega e o apoio para conseguir a súa plena integración social e laboral. Así mesmo, recolle previsións dirixidas á captación de nova poboación en correspondencia coas demandas do mercado laboral e ao desenvolvemento de programas de acollida que faciliten a integración das novas persoas que se asenten en Galicia.

Así mesmo, na exposición de motivos da pregunta, o grupo parlamentario socialista fai referencia á execución do programa 55 e 71 por parte da Consellería do Medio Rural. O denominado programa é o cuarto nivel da clasificación funcional (que ofrece información sobre a finalidade do gasto) e se identifica por un código alfanumérico dotado de 3 díxitos numéricos e unha letra. Os díxitos corresponderíase co grupo no que se integra o programa.

Intuíndo que a pregunta se refire ás funcións 5.5 e 7.1, non é exacta a información que consta na pregunta, xa que nas funcións sinaladas quedan por executar menos de 40 millóns de euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2019 13:11:04
Nº Rexistro: 57872
Data envío: 21/10/2019 13:11:04.768

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/10/2019 13:10:39

CSV: BOPGDSPGyjrG90LqM0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno: **51762**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a actuación que está a levar a cabo o Goberno galego en relación coa garantía da calidade asistencial no centro sociosanitario de Ribadumia”**, (publicada no BOPG número 493 do 26 de xuño de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social** que ten o seguinte contido:

“É preciso indicar que a inspección de servizos sociais ten como fin verificar o estrito cumprimento da normativa aplicable nesta materia, de xeito que se garantan os dereitos das persoas usuarias e se procure a mellora continua da calidade nos servizos sociais que se lles presten aos cidadáns e ás cidadás no territorio de Galicia.

Durante as visitas de inspección que se realizan aos distintos centros e programas de servizos sociais, o persoal inspector fai unha revisión exhaustiva sobre o cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa de aplicación respecto dos aspectos documentais, o estado e uso das instalacións, a rateo de persoal de atención directa, o funcionamento e os servizos que se prestan, e a garantía dos dereitos das persoas usuarias.

Isto tanto nos centros públicos de xestión propia ou concertada, como nos centros privados. E como non pode ser doutra forma estas visitas se realizan sen aviso previo ao centro, xa que doutra forma a inspección perdería a súa efectividade ao non existir o factor ‘sorpresa’.

O persoal inspector actúa, no desenvolvemento das súas funcións, con plena independencia, obxectividade e imparcialidade, polo que o exposto nesta iniciativa está a poñer en dúbida o bo labor que veñen realizando estes profesionais, ademais de manifestar o descoñecemento do funcionamento da inspección de servizos sociais.



Sobre o centro en concreto ao que se fai referencia na iniciativa, a Residencia DomusVi Ribadumia, hai que sinalar que se trata dun centro de titularidade privada. Polo tanto, non é certo que esteamos ante unha empresa concesionaria encargada da xestión dun centro público da Xunta de Galicia. Neste centro, a Consellería de Política Social ten contratadas 114 prazas no centro para a súa reserva e ocupación, como en outros moitos centros de titularidade privada.

Dende a súa posta en funcionamento no ano 2004 esta residencia foi visitada pola inspección de servizos sociais de forma regular, realizándose tanto visitas planificadas no plan de inspección como por mor das queixas ou reclamacións que se presentaron. Tras estas visitas emitíronse as correspondentes actas e informes de inspección, e coas deficiencias detectadas achegáronse á entidade os respectivos requirimentos para a súa emenda. Na última visita de inspección ordinaria realizada ao centro, que tivo lugar o día 1 de marzo deste ano, non se constataron deficiencias que motivaran polo persoal inspector a proposta de incoación dun expediente sancionador. Por outro lado, o pasado 21 de maio recibíuse na inspección de servizos sociais unha denuncia presentada por 4 traballadoras e delegadas de persoal de UGT da residencia. Nesta denuncia afirmábase, entre outras cousas, que no centro se comezaba a levantar ás persoas usuarias ás 06:00 da mañá para comezar a erguelas, asealas e duchalas, e que no centro superábase a ocupación máxima autorizada ata en 8 prazas.

Dada a gravidade dos feitos denunciados, dende a inspección de servizos sociais xirouse unha visita ao centro o día 22 de maio, é dicir o día seguinte ao de recibirse a denuncia, presentándose nas instalacións dous inspectores ás 06:30 horas. Nesta visita non se constataron os feitos denunciados. Non se detectou que se estivera a levantar a persoas a horas non axeitadas, e ademais de non ter exceso de ocupación o centro tiña unha praza libre.

Polo exposto sorprende que se acuse á Xunta de Galicia de desleixo e abandono na función de inspección, xa que dende a Consellería de Política Social estase a dar resposta de forma dilixente ás denuncias recibidas. Neste caso concreto, a Consellería de Política Social actuou de forma inminente a través da inspección de servizos sociais, realizando unha visita de inspección ao día seguinte ao de recibirse a denuncia.

Sinalar que durante o ano 2018 realizáronse 1.269 inspeccións a centros e programas de servizos sociais, cun elevado grao de cumprimento da planificación realizada. No Plan de inspección de servizos sociais de Galicia para o ano 2019 prevense facer un total de 1.356 inspeccións, o que supón un incremento dun 6,85% sobre o ano anterior”.



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2019 13:22:23
Nº Rexistro: 58018
Data envío: 23/10/2019 13:22:23.209

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/10/2019 13:22:14

CSV: BOPGDSPGyjrG90LqM0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 42324** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“a satisfacción das demandas das plataformas de emigrantes retornados en relación coa tributación das súas pensións e sobre o cumprimento dos acordos plenarios na materia”**, (publicada no BOPG número 411 do 15 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“En canto ao tratamento igualitario hai que dicir unha vez mais que non existe discriminación na tributación dos pensionistas que estiveron na emigración e aqueles que traballaron exclusivamente en España, posto que de acordo coa lexislación vixente teñen a mesma tributación. Aplicase o mesmo réxime que a calquera traballador que percibe rendas de máis dun pagador e o importe das mesmas é superior a 12.000 euros.

En canto o colectivo de pensionistas retornados que reciben dúas pensións (unha de España e outra do estranxeiro), e os pensionistas que reciben unha única pensión, na maioría dos caso procedente do Estado español, entendese que non existe ningunha discriminación.

A lei do IRPF establece a obriga de presentar declaración aos contribuíntes con rendas do traballo superiores a 22.000 euros, e que moitos pensionistas non presentan declaración porque a súa pensión é inferior a esa cantidade.

A mesma lei establece que, no caso de ter dous pagadores, os contribuíntes teñen que presentar declaración cando a suma da renda percibida supere os 11.200 euros (12.000 euros para o IRPF de 2018, modificación introducida pola Lei de Orzamentos da AXE para o 2018)

Neste suposto entran os pensionistas retornados que perciben menos de 22.000 euros e que, non obstante, si teñen que presentar declaración por percibir pensións de dous pagadores (unha de España e outra do estranxeiro).



Entendemos que non existe ningunha discriminación, porque convén diferenciar dous conceptos distintos: unha cousa é presentar a declaración das rendas percibidas, e outra ben distinta é tributar por esas rendas percibidas.

O que convén aclarar é que un pensionista en España, aínda que non presente declaración da renda, si está obrigado a tributar polo conxunto desa renda porque durante cada mes se lle practica unha retención á renda percibida.

Pola contra, a un pensionista retornado non se lle practica retención cada mes na pensión percibida do estranxeiro.

É por isto que o pensionista retornado tributará igual pola mesma cantidade no momento en que faga a declaración, xa que esa cantidade será a mesma que a suma das retencións practicadas a un pensionista que só cobra de España.

Un pensionista retornado e un pensionista que percibe a súa pensión do Estado tributan pola mesma cantidade. A única diferenza é que o retornado tributa no momento de facer a declaración, mentres que o pensionista que só cobra do Estado tributa esa mesma cantidade polas retencións que se lle practican cada mes.

Polo tanto, non existe discriminación.

Ao contrario: si habería discriminación entre uns pensionistas e outros se os retornados non tivesen a obriga de declarar pola pensión que perciben do estranxeiro, xa que ese pago non está suxeito a retención.

O Goberno galego, en diferentes ocasións dou resposta ante o Parlamento de Galicia a iniciativas parlamentarias sobre a tributación dos emigrantes retornados nas que fixo unha exposición de tódalas accións levadas a cabo polo goberno galego, dentro do seu marco competencial, que non abarca a tributación das pensións estranxeiras, para axudar e dar solución as reivindicacións de este colectivo.

Tódolos acordos parlamentarios foron trasladados ao goberno central para o seu cumprimento. Ademais o Goberno da Xunta levou a cabo diversas xestións ante o Goberno do Estado gracias as que se introduciu unha modificación no proxecto de lei de reforma do IRPF para dar satisfacción ás demandas dos emigrantes retornados.

Así mesmo, a Xunta de Galicia levou a cabo diferentes actuacións no proceso de regularización dos emigrantes retornados co obxectivo de que todos os retornados que precisaran axuda para regularizar as súas obrigas tributarias a recibiran.



En relación cos afectados polo Convenio Alemán en vigor antes do 2012 a Xunta dende o primeiro momento deixou claro que compartía o criterio das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que non crean xurisprudencia e polo tanto non son de obrigado cumprimento, e que van en sentido contrario as consultas da Dirección General de Tributos (do Ministerio de Hacienda).

A Xunta se mostrou partidaria e reclamou ao Estado que a Axencia Tributaria do Estado tivese en conta estas sentenzas á hora de practicar as liquidacións correspondentes aos exercicios anteriores a 2013. Se mantivo que debería eximir de tributar a todos os retornados de Alemaña que estiveran na mesma situación, independentemente de que foran beneficiarios dunha pensión pública ou privada.

Tanto o titular da Consellería de Facenda e da directora da Axencia Tributaria de Galicia reiteraron en numerosas ocasións a súa enteira disposición para seguir apoiando os colectivos de afectados”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2019 10:47:25
Nº Rexistro: 57942
Data envío: 22/10/2019 10:47:25.802

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/10/2019 10:47:17

CSV: BOPGDSPGyjrG90LqM0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 49707**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros deputados do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto da perda de poboación que rexistra Galicia nos dez últimos anos, en especial nos concellos rurais, así como as razóns da Consellería do Medio Rural para deixar sen executar no ano 2018 máis de cen millóns de euros nos programas orzamentarios 55. Actuacións e valorización do medio rural e 71. Dinamización económica do medio rural”**, (publicada no BOPG número 476 do 14 de maio de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia é plenamente consciente da situación demográfica de Galicia, como tamén o é de que o resultado das políticas que está a desenvolver non serán visibles no curto prazo: son precisos anos para revertir os efectos dunha dinámica que se vén producindo dende hai máis de tres décadas.

Neste senso está a tramitar a Lei de Impulso Demográfico de Galicia, unha norma pioneira no contexto español e europeo, xa que é a primeira vez que un goberno eleva a rango de lei a abordaxe e xestión do cambio demográfico.

O contido da norma baséase na diagnose e na análise DAFO-CAME recollidas no Informe Galicia: perspectivas demográficas, elaboradas no seo do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica e aprobadas por unanimidade do seu pleno.

Responde a unha proposta integral e transversal que ten como finalidade a creación de contornos favorables para que as galegas e galegos poidan levar a cabo o seu proxecto vital e familiar en Galicia e para que outras persoas consideren Galicia un lugar atractivo para establecerse.

Impulsa o retorno da poboación galega residente no exterior e recolle previsións dirixidas á captación de nova poboación en correspondencia coas demandas do mercado laboral.



O capítulo quinto establece un marco favorable para o asentamento de nova poboación na Comunidade autónoma. Con esta finalidade, impulsa o retorno da poboación galega residente no exterior e da súa descendencia mediante o afianzamento dos seus vínculos con Galicia, o acceso a programas e servizos en igualdade de condicións que o resto da poboación galega e o apoio para conseguir a súa plena integración social e laboral. Así mesmo, recolle previsións dirixidas á captación de nova poboación en correspondencia coas demandas do mercado laboral e ao desenvolvemento de programas de acollida que faciliten a integración das novas persoas que se asenten en Galicia.

Así mesmo, na exposición de motivos da pregunta, o grupo parlamentario socialista fai referencia á execución do programa 55 e 71 por parte da Consellería do Medio Rural. O denominado programa é o cuarto nivel da clasificación funcional (que ofrece información sobre a finalidade do gasto) e se identifica por un código alfanumérico dotado de 3 díxitos numéricos e unha letra. Os díxitos corresponderíase co grupo no que se integra o programa.

Intuíndo que a pregunta se refire ás funcións 5.5 e 7.1, non é exacta a información que consta na pregunta, xa que nas funcións sinaladas quedan por executar menos de 40 millóns de euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2019 13:11:47
Nº Rexistro: 57875
Data envío: 21/10/2019 13:11:47.597

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/10/2019 13:11:44

CSV: BOPGDSPGyjrG90LqM0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 44826**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e don Luís Villares Naveira, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación coas dificultades económicas que está a ter para a súa continuidade a Escola Infantil San Vicente de Paúl, de Monforte de Lemos, así como as medidas que vai adoptar para aumentar o número de prazas en escolas infantís na comarca”**, (publicada no BOPG número 427 do 6 de febreiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social** que ten o seguinte contido:

“A escola infantil ‘Gardería San Vicente de Paul’ está prestando servizos con normalidade no curso 2019-2020.

Galicia conta cunha ampla rede de recursos de atención á infancia de 0 a 3 anos, que se traduce nunha ratio de cobertura superior ao 44%, superando en 11 puntos a ratio aconsellada pola Unión Europea.

Para o presente curso 2019-2020 a Consellería de Política Social ten adxudicadas as prazas do servizo de educación infantil en escolas infantís de titularidade privada, que se rexen polos prezos establecidos pola Administración autonómica. A través deste procedemento, a Xunta pon en Monforte 10 prazas á disposición das familias.

O recurso completase co Bono Concilia, co que se garante que a lista de agarda sexa de cero. Trátase dun recurso complementario ás prazas de escolas infantís de 0 a 3 anos que se pon a disposición dos pais e nais e que ten por obxecto contribuír a sufragar o custo dunha praza nunha escola privada a aquelas que non a obtiveran nun centro con financiamento público ou que residan en concellos onde non hai un recurso deste tipo sostido con fondos públicos”.



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2019 09:54:05
Nº Rexistro: 57997
Data envío: 23/10/2019 09:54:05.366

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/10/2019 9:53:58

CSV: BOPGDSPGyjrG90LqM0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 46935**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación coa situación existente no centro residencial e de día do concello de Cerceda, a consecuencia da insuficiencia da súa dotación de persoal, así como a solución prevista pola Consellería de Política Social ao respecto”**, (publicada no BOPG número 442 do 7 de marzo de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social** que ten o seguinte contido:

“A cualificación e as ratios de persoal do CAMP de Cerceda, ao igual que o resto de CAMPs do Consorcio, cumpren na súa totalidade coa normativa vixente, sendo incluso superiores.

As e os profesionais que traballan en todos os centros do Consorcio teñen cualificación suficiente e as ferramentas procedimentais necesarias para atender e intervir nas necesidades das persoas usuarias, non sendo necesario a implementación de ningunha medida extraordinaria”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2019 13:12:08
Nº Rexistro: 57878
Data envío: 21/10/2019 13:12:08.753

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/10/2019 13:12:05

CSV: BOPGDSPGyjrG90LqM0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión: **51763**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a actuación que está a levar a cabo o Goberno galego en relación coa garantía da calidade asistencial no centro sociosanitario de Ribadumia, o coñecemento das queixas e reivindicacións do persoal e as medidas previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 493 do 26 de xuño de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social** que ten o seguinte contido:

“É preciso indicar que a inspección de servizos sociais ten como fin verificar o estrito cumprimento da normativa aplicable nesta materia, de xeito que se garantan os dereitos das persoas usuarias e se procure a mellora continua da calidade nos servizos sociais que se lles presten aos cidadáns e ás cidadás no territorio de Galicia.

Durante as visitas de inspección que se realizan aos distintos centros e programas de servizos sociais, o persoal inspector fai unha revisión exhaustiva sobre o cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa de aplicación respecto dos aspectos documentais, o estado e uso das instalacións, a rateo de persoal de atención directa, o funcionamento e os servizos que se prestan, e a garantía dos dereitos das persoas usuarias.

Isto tanto nos centros públicos de xestión propia ou concertada, como nos centros privados. E como non pode ser doutra forma estas visitas se realizan sen aviso previo ao centro, xa que doutra forma a inspección perdería a súa efectividade ao non existir o factor ‘sorpresa’.

O persoal inspector actúa, no desenvolvemento das súas funcións, con plena independencia, obxectividade e imparcialidade, polo que o exposto nesta iniciativa está a poñer en dúbida o bo labor que veñen realizando estes profesionais, ademais de manifestar o descoñecemento do funcionamento da inspección de servizos sociais.



Sobre o centro en concreto ao que se fai referencia na iniciativa, a Residencia DomusVi Ribadumia, hai que sinalar que se trata dun centro de titularidade privada. Polo tanto, non é certo que esteamos ante unha empresa concesionaria encargada da xestión dun centro público da Xunta de Galicia. Neste centro, a Consellería de Política Social ten contratadas 114 prazas no centro para a súa reserva e ocupación, como en outros moitos centros de titularidade privada.

Dende a súa posta en funcionamento no ano 2004 esta residencia foi visitada pola inspección de servizos sociais de forma regular, realizándose tanto visitas planificadas no plan de inspección como por mor das queixas ou reclamacións que se presentaron. Tras estas visitas emitíronse as correspondentes actas e informes de inspección, e coas deficiencias detectadas achegáronse á entidade os respectivos requirimentos para a súa emenda. Na última visita de inspección ordinaria realizada ao centro, que tivo lugar o día 1 de marzo deste ano, non se constataron deficiencias que motivaran polo persoal inspector a proposta de incoación dun expediente sancionador. Por outro lado, o pasado 21 de maio recibíuse na inspección de servizos sociais unha denuncia presentada por 4 traballadoras e delegadas de persoal de UGT da residencia. Nesta denuncia afirmábase, entre outras cousas, que no centro se comezaba a levantar ás persoas usuarias ás 06:00 da mañá para comezar a erguelas, asealas e duchalas, e que no centro superábase a ocupación máxima autorizada ata en 8 prazas.

Dada a gravidade dos feitos denunciados, dende a inspección de servizos sociais xirouse unha visita ao centro o día 22 de maio, é dicir o día seguinte ao de recibirse a denuncia, presentándose nas instalacións dous inspectores ás 06:30 horas. Nesta visita non se constataron os feitos denunciados. Non se detectou que se estivera a levantar a persoas a horas non axeitadas, e ademais de non ter exceso de ocupación o centro tiña unha praza libre.

Polo exposto sorprende que se acuse á Xunta de Galicia de desleixo e abandono na función de inspección, xa que dende a Consellería de Política Social estase a dar resposta de forma dilixente ás denuncias recibidas. Neste caso concreto, a Consellería de Política Social actuou de forma inminente a través da inspección de servizos sociais, realizando unha visita de inspección ao día seguinte ao de recibirse a denuncia.

Sinalar que durante o ano 2018 realizáronse 1.269 inspeccións a centros e programas de servizos sociais, cun elevado grao de cumprimento da planificación realizada. No Plan de inspección de servizos sociais de Galicia para o ano 2019 prevense facer un total de 1.356 inspeccións, o que supón un incremento dun 6,85% sobre o ano anterior”.



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2019 13:22:10
Nº Rexistro: 58017
Data envío: 23/10/2019 13:22:10.209

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/10/2019 13:22:02

CSV: BOPGDSPGyjrG90LqM0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 49708**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros deputados do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto da perda de poboación que rexistra Galicia nos dez últimos anos, en especial nos concellos rurais, así como as razóns da Consellería do Medio Rural para deixar sen executar no ano 2018 máis de cen millóns de euros nos programas orzamentarios 55. Actuacións e valorización do medio rural e 71. Dinamización económica do medio rural”**, (publicada no BOPG número 476 do 14 de maio de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia é plenamente consciente da situación demográfica de Galicia, como tamén o é de que o resultado das políticas que está a desenvolver non serán visibles no curto prazo: son precisos anos para reverter os efectos dunha dinámica que se vén producindo dende hai máis de tres décadas.

Neste senso está a tramitar a Lei de Impulso Demográfico de Galicia, unha norma pioneira no contexto español e europeo, xa que é a primeira vez que un goberno eleva a rango de lei a abordaxe e xestión do cambio demográfico.

O contido da norma baséase na diagnose e na análise DAFO-CAME recollidas no Informe Galicia: perspectivas demográficas, elaboradas no seo do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica e aprobadas por unanimidade do seu pleno.

Responde a unha proposta integral e transversal que ten como finalidade a creación de contornos favorables para que as galegas e galegos poidan levar a cabo o seu proxecto vital e familiar en Galicia e para que outras persoas consideren Galicia un lugar atractivo para establecerse.

Impulsa o retorno da poboación galega residente no exterior e recolle previsións dirixidas á captación de nova poboación en correspondencia coas demandas do mercado laboral.



O capítulo quinto establece un marco favorable para o asentamento de nova poboación na Comunidade autónoma. Con esta finalidade, impulsa o retorno da poboación galega residente no exterior e da súa descendencia mediante o afianzamento dos seus vínculos con Galicia, o acceso a programas e servizos en igualdade de condicións que o resto da poboación galega e o apoio para conseguir a súa plena integración social e laboral. Así mesmo, recolle previsións dirixidas á captación de nova poboación en correspondencia coas demandas do mercado laboral e ao desenvolvemento de programas de acollida que faciliten a integración das novas persoas que se asenten en Galicia.

Así mesmo, na exposición de motivos da pregunta, o grupo parlamentario socialista fai referencia á execución do programa 55 e 71 por parte da Consellería do Medio Rural. O denominado programa é o cuarto nivel da clasificación funcional (que ofrece información sobre a finalidade do gasto) e se identifica por un código alfanumérico dotado de 3 díxitos numéricos e unha letra. Os díxitos corresponderíase co grupo no que se integra o programa.

Intuíndo que a pregunta se refire ás funcións 5.5 e 7.1, non é exacta a información que consta na pregunta, xa que nas funcións sinaladas quedan por executar menos de 40 millóns de euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2019 13:11:40
Nº Rexistro: 57874
Data envío: 21/10/2019 13:11:40.347

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/10/2019 13:11:37

CSV: BOPGDSPGyjrG90LqM0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 53152**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as medidas a adoptar pola Xunta de Galicia destinadas a garantir unha atención correcta nas urxencias médicas dos Puntos de Atención Continuada”**, (publicada no BOPG número 523 do 3 de setembro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

O pasado 17 de xullo de 2019, a Administración Sanitaria asinou un acordo coas organizacións sindicais CIG, CCOO, CESM, O`MEGA, UGT, CSIF e co Comité de Folga dos puntos de atención continuada, en materia de condicións de traballo dos profesionais dos PACS do Servizo Galego de Saúde.

Tal e como se recolleu no Acordo, o Decreto 172/1995, do 18 de maio, polo que se aproba o Plan de Urxencias Extrahospitalarias da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG Núm.121 do 26 de xuño), establece no seu artigo 5.1. que os PAC contarán cun mínimo de persoal facultativo, de enfermaría e persoal non sanitario de apoio que virá determinado en función da ratio de poboación a atender, e que posibilite que, como regra xeral, cada facultativo non supere unha presión media de 30 urxencias por garda. Coa revisións dos Plans Funcionais e a realización do estudio sobre a carga asistencial, poderanse adoptar medidas tendentes á manter a presión media establecida no Decreto 172/1995 e recollida no acordo dos PACS.

En cumprimento do compromiso acadado de incremento do programa de gasto da atención primaria á saúde, a Administración pactou no seno da mesa sectorial coas organizacións sindicais CESM, UXT, CSIF e SATSE un significativo incremento de 308 prazas co obxectivo de diminuír as ratios actuais de pacientes por profesional.



Pola súa parte, o nomeamento estatutario eventual de continuidade, que a Administración sanitaria puxo en marcha neste ano 2019, fixo posible a vinculacións de novos profesionais na categoría de médico/a de familia que non viñan traballando na sanidade pública galega.

Indicar que neste ámbito tense constituído o Consello Técnico de Atención Primaria e creado comisións técnicas que están traballando para a mellora da atención primaria.

Todos estes acordos supoñen un avance inmediato e significativo cara a mellora das condicións de prestación do servizo en atención primaria, sen prexuízo das conclusións e outras melloras que deriven do Consello Técnico, especialmente no ámbito organizativo e asistencial.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2019 09:53:08
Nº Rexistro: 57992
Data envío: 23/10/2019 09:53:08.491

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/10/2019 9:53:01

CSV: BOPGDSPGyjrG90LqM0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 55583**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“os contactos mantidos por parte da Xunta de Galicia coas mulleres potencialmente afectadas polo uso do dispositivo intrauterino Essure e a empresa fabricante, así como a súa opinión referida ao funcionamento en Galicia do protocolo de atención a ese colectivo”**, (publicada no BOPG número 534 do 19 de setembro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

Galicia é a primeira Comunidade Autónoma en dispor dun protocolo de actuación.

O 4 outubro de 2018, nunha reunión mantida coas representantes da asociación galega de afectadas, presentouse o protocolo elaborado para recoller as inquiredanzas, observacións e comentarios das afectadas. O mesmo xa se estaba aplicando dende ese mesmo mes no ámbito do Servizo Galego de Saúde.

O Sergas ten publicado o protocolo na súa web: <https://www.sergas.es/Asistencia-sanitaria/Documents/1086/PROTOCOLO%20RETIRADA%20ESSURE.pdf>

Ademáis realizouse a súa difusión ás 7 xerencias das áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde e previamente a todos os profesionais.

Como calquera outro produto sanitario, e igual que pasa cos medicamentos, o Sistema Nacional de Saúde conta cun sólido sistema de farmacovixilancia.

A Axencia Española do Medicamento, xunto coa Axencia Europea, centraliza, monitoriza e analiza dita información.



Independentemente disto, a documentación técnica (instrucións técnicas) de todo produto sanitario autorizado por estas Axencias, advirten dos posibles efectos adversos do produto que acreditou a evidencia científica.

A Axencia Española do Medicamento é quen emite as alertas ou notas de seguridade de calquera medicamento e produto sanitario comercializado en España. Calquera relación causal (causa-efecto) segue un proceso de investigación da evidencia científica por parte das Axencias Estatais e Europea, e son estas as que deben realizar calquera valoración ao respecto.

A actuación dos profesionais do Sergas á hora de indicar a retirada do dispositivo segue os criterios estritamente clínicos, e sempre valorando o beneficio-risco para cada paciente de forma individualizada.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2019 09:52:57
Nº Rexistro: 57991
Data envío: 23/10/2019 09:52:57.491

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/10/2019 9:52:50

CSV: BOPGDSPGyjrG90LqM0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 55793**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da cobertura, no concello de Meis, das baixas e vacacións do persoal facultativo e, en particular, da praza de pediatra vacante por baixa da titular”**, (publicada no BOPG número 539 do 30 de setembro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

Os Centros de Saúde da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés non están infradotados de persoal xa que o ratio de TIS por profesional e o recomendado polas sociedades científicas. No caso concreto do Concello de Meis, no que hai tres profesionais médicos, a media de TIS está en 965.

Os profesionais de Atención Primaria da Xerencia de Xestión Integrada de Pontevedra e O Salnés non teñen vetado derivar aos pacientes ao nivel hospitalario contando con mecanismos para axilizar as derivacións nos casos en que sexa necesario pola patoloxía do paciente, tal e o caso das vías rápidas e das e-consultas tendo un tempo de resposta moi breve e contando con protocolos de derivación para facer máis eficientes as mesmas. Así mesmo, tamén teñen aberto o acceso a probas complementarias tal como TAC, RMN, Laboratorio, Electromiograma, Electroencefalograma, Densitometría, Audiometría, etc. Todo isto incrementa a capacidade resolutiva dos profesionais deste nivel asistencial.

Desde a Xerencia faise unha planificación da asistencia sanitaria para dar unha correcta cobertura ás ausencias durante os meses de verán.

De todos é sabido a carencia de profesionais dalgunhas categorías nas listas de contratación, e isto agrávese no caso dos médicos de familia e dos pediatras. Por todo, cando xorde unha



ausencia imprevista no período vacacional é moi difícil darlle cobertura e faise necesario facer unha reordenación da asistencia. No caso concreto de Meis sucedeu esta circunstancia e en días puntuais foi necesario derivar aos pacientes a outros centros de saúde do concello, garantindo desta maneira unha atención correcta aos cidadáns.

Dende a Xerencia trabállase na planificación das ausencias para que xurdan o menor número de incidencias e que no caso de que apareza algunha podamos darlle a mellor solución para os usuarios. A cobertura nalgúns ocasións non é posible, isto sucede cando ás vacacións se suman baixas de persoal facultativo e, polo tanto, para garantir a cobertura á poboación é necesario facer unha reordenación da asistencia, que foi o que se fixo este verán algún día puntual.

En todo caso, insistir que no Concello de Meis durante o verán a atención á poboación foi correcta sen que os usuarios tiveran que desprazarse a outros concellos para ser atendidos.

O Concello de Meis ten 367 pacientes en idade pediátrica. Neste momento xa estamos dando cobertura varios días por semana á espera de que se poida cubrir de maneira definitiva; de calquera xeito os días que non se cubriu garantizouse a asistencia pediátrica derivando aos nenos ao Centro de Saúde de Cambados.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2019 09:52:46
Nº Rexistro: 57990
Data envío: 23/10/2019 09:52:46.897

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/10/2019 9:52:40

CSV: BOPGDSPGyjrG90LqM0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 55858**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“as medidas adoptadas e previstas pola Xunta de Galicia en relación coas demoras que se se veñen producindo no pagamento pola empresa concesionaria dos salarios do persoal de seguridade privada dos hospitais comarcais de Verín e Valdeorras”**, (publicada no BOPG número 539 do 30 de setembro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

A Xunta de Galicia está a exercer o seu labor de control sobre o contrato de servizos que a vincula coa devandita empresa na prestación do Servizo de Seguridade ao Hospital de Verín e ao Hospital Comarcal de Valdeorras. Obviamente cumprindo con todas as obrigas contractuais.

A Xunta de Galicia e o Servizo Galego de Saúde coñecen a situación acontecida coa Empresa de Seguridade Integral e Mantementos A-1 S.L., a través dos propios traballadores de seguridade e tamén a través dos seus representantes sindicais.

Sendo coñecedores dos retrasos nos pagos, desde a Área Sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras como órgano de contratación, e ante a falta de efectividade das actuacións verbais, iniciouse un procedemento de determinación de medidas por execución defectuosa do contrato e incumprimento das obrigas derivadas do mesmo.

Á vista do mesmo, a empresa trasládanos a súa disposición a abonar os atrasos e as nóminas, situación que finalmente se produce, estando todos os traballadores ao corrente nos pagos.



Desde a Área Sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras exercemos todas as nosas responsabilidades como órgano de contratación para velar polo cumprimento do estipulado no contrato en vigor, tal e como queda constatado coa a actuación que vimos de referir.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2019 10:27:39
Nº Rexistro: 57998
Data envío: 23/10/2019 10:27:39.694

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/10/2019 10:27:13

CSV: BOPGDSPGyjrG90LqM0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 55863**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da atención sanitaria prestada á veciñanza do concello de Meis durante os meses de verán e as súas previsións referidas á revisión da política de recursos humanos para mellorar a planificación das substitucións de persoal”**, (publicada no BOPG número 539 do 30 de setembro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Desde a Xerencia faise unha planificación da asistencia sanitaria para dar unha correcta cobertura ás ausencias durante os meses de verán.

De todos é sabido a carencia de profesionais dalgunhas categorías nas listas de contratación, e isto agrávese no caso dos médicos de familia e dos pediatras. Por todo, cando xorde unha ausencia imprevista no período vacacional é moi difícil darlle cobertura e faise necesario facer unha reordenación da asistencia, no caso concreto de Meis sucedeu esta circunstancia, e en días puntuais foi necesario derivar aos pacientes a outros centros de saúde do concello, garantindo desta maneira unha atención correcta aos cidadáns.

Estase a traballar no incremento de prazas MIR tanto en medicina de familia como en pediatría e ao mesmo tempo estanse ofertando contratos de continuidade aos profesionais.

O Plan de Atención Primaria 2019-2021 contempla en política de recursos humanos, dúas medidas:

- Incrementar o número de prazas da Oferta Pública de Emprego deste ano 2019*
- Aumentar o número de prazas en Atención Primaria.*



Estas medidas van permitir unha máis axeitada cobertura de ausencias.

No Concello e Meis, durante o verán, a atención á poboación foi a correcta sen que os usuarios tivesen que desprazarse a outros concellos para ser atendidos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2019 09:52:20
Nº Rexistro: 57989
Data envío: 23/10/2019 09:52:20.288

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/10/2019 9:52:13

CSV: BOPGDSPGyjrG90LqM0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2019 09:52:09
Nº Rexistro: 57988
Data envío: 23/10/2019 09:52:09.272
Data 23/10/2019 09:52

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 55913**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“o estado das obras de construción do novo centro de saúde do concello de Saviñao, as razóns da súa paralización e as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego ao respecto”**, (publicada no BOPG número 539 do 30 de setembro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

As obras de construción do centro de saúde de Escairón, no Saviñao, comezaron no mes de maio de 2019. Iniciáronse con normalidade, ata que se constatou un problema por afluencia de auga á parcela na escavación para a execución da cimentación no edificio. Isto obrigou á suspensión do contrato, para realizar un reestudo da solución técnica recollida no proxecto e unha valoración da nova solución.

A día de hoxe prevese que se poida levantar a suspensión e reiniciar os traballos. Na medida do posible intentaranse axilizar os traballos para compensar o tempo que leva suspendida a obra.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 Xacobeo 2021

páxina 1 de 1

CSV: BOPGDSPGyJrG90LqM0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2019 09:52:09
Nº Rexistro: 57988
Data envío: 23/10/2019 09:52:09.272

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/10/2019 9:52:02

CSV: BOPGDSPGyjrG90LqM0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 56166**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as intencións do Goberno galego respecto do establecemento dunha limitación da velocidade que garanta a seguridade dos peóns entre os puntos quilométricos 22 e 23 da estrada AC-552, no tramo comprendido entre A Telleira e O Cancelo do Medio, así como a execución das actuacións necesarias para o seu efectivo cumprimento”**, (publicada no BOPG número 539 do 30 de setembro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade** que ten o seguinte contido:

“No treito da AC-552 situado entre os puntos quilométricos 22 e 23, unha vez finalizada a restrición de velocidade, a vixente é a xenérica da estrada, neste caso 90 km/h. Por outra banda, no punto quilométrico 22+730 existe unha limitación de 70. Non obstante, debe destacarse que a Axencia Galega de Infraestruturas é o órgano competente para a sinalización das estradas autonómicas, pero que carece de competencias no que respecta ao control do cumprimento da normativa de tráfico.

En canto á seguridade viaria, trátase dun treito recto que conta boa visibilidade e con beiravías e que non ten cambios de rasante. Segundo os datos de que dispón a Axencia Galega de Infraestruturas non rexistra un nivel de sinistralidade como para ser considerado un treito de concentración de accidentes, nin tampouco resulta un treito de especial sinistralidade nos últimos anos.

A Xunta de Galicia actuou na AC-552 na Laracha executando dúas sendas nos últimos anos para a mellora da seguridade de usuarios vulnerables: A Laracha-Paiosaco e A Laracha-O Cancelo. Ademais, para o 2020 está previsto completar a senda do Cancelo coa execución doutro treito de senda, entre os puntos quilométricos 23+200 e 23+400 da AC-552”.



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2019 13:21:45
Nº Rexistro: 58015
Data envío: 23/10/2019 13:21:45.881

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/10/2019 13:21:39

CSV: BOPGDSPGyjrG90LqM0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 56222**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre “**a xestión do Goberno galego en relación co Hospital Comarcal de Verín**”, (publicada no BOPG número 541 do 3 de outubro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

Nas últimas semanas, por diferentes motivos, tense producido a marcha de tres dos oito especialistas da área sanitaria.

Desde ese momento adoptáronse todas as medidas posibles na procura de especialistas dispoñibles. As distintas buscas efectuadas, dentro e fóra de Galicia, non deron resultado, e postos en contacto coa Academia Española de Dermatología y Vereneología confirmáronnos que non existe dispoñibilidade de especialistas en ningunha Comunidade Autónoma de España e que a nosa necesidade é coincidente coa de moitos outros hospitais do Estado.

A praza do Hospital de Verín está en trámite de convocatoria de xeito estable a través dun contrato de interinidade.

Paralelamente, e conscientes da necesidade de garantir a cobertura á poboación, tense acordado cos especialistas do Servizo de Dermatoloxía do CHUO a realización temporal de actividade, tanto cirúrxica como en consulta, tanto presencial como na modalidade de teleconsulta, para minimizar o impacto sobre os pacientes afectados.

En canto ás necesidades de profesionais do Hospital de Verín, temos que indicar que se está a dar cumprida resposta aos requirimentos e necesidades asistenciais do mesmo. Así, na pasada



reunión coa comisión delegada vimos de anunciar a creación de 6 vacantes na plantilla do hospital que se cubrirán polo procedemento regulamentariamente establecido.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2019 09:51:58
Nº Rexistro: 57987
Data envío: 23/10/2019 09:51:58.256

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/10/2019 9:51:51

CSV: BOPGDSPGyjrG90LqM0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 56429**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“as razóns da proliferación de esperas para atención sanitaria no Hospital Comarcal do Salnés que non se ven reflectidas nos datos oficiais, a valoración do Goberno galego respecto dos resultados da retirada a esa comarca da condición de área sanitaria e o volume actual do persoal asociado directamente a ese hospital”**, (publicada no BOPG número 541 do 3 de outubro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

O Hospital do Salnés é un centro con moderna dotación en infraestrutura, con axeitada dotación de persoal que realiza unha importante actividade asistencial, prestando os servizos precisos para unha poboación de 75.000 habitantes.

No que respecta as infraestruturas, entre 2008 e 2018, investíronse arredor de 11,5 millóns de euros en obras na terceira planta de hospitalización, na nova área de urxencias, nova área obstétrica, nova área cirúrxica e na nova área de recuperación postanestésica e de hospital de día, na área de diagnóstico pola imaxe e en locais de consultas.

O Hospital do Salnés conta cunha moderna infraestrutura en todos os ámbitos asistenciais: hospitalización, urxencias, área obstétrica, área cirúrxica, área de radiodiagnóstico e área de consultas.

O crecemento de recursos, nos derradeiros dez anos, acada un 33% de crecemento global. Produciuse un aumento en persoal facultativo, sanitario e non sanitario.

Polo que se refire a actividade asistencial os ingresos no hospital creceron nun 25%, as urxencias atendidas nun 3,5%, o número de intervencións cirúrxicas nun 42% e en consultas nun 1,2%.



En relación coas listas de espera, non existe ningún tipo de incongruencia. O sistema de rexistro de esperas está aprobado polo Ministerio de Sanidade e obriga a todas as Comunidades Autónomas, de forma que tanto o rexistro dos datos coma a súa explotación é única para o conxunto do Sistema Nacional de Saúde.

O Hospital do Salnés conta coas listas de espera máis baixas de toda a rede de hospitais do Sergas. As demoras a 30 de xuño deste mesmo ano son as seguintes:

33,2 días de espera media para intervención cirúrxica (no Sergas 56,4 días)

31,7 días de espera media para primeira consulta (no Sergas 37,8 días)

30,5 días de espera media para TAC (no Sergas 66,1 días)

37,9 días de espera media para Resonancia (no Sergas 52,5 días)

Os datos que se ofrecen de esperas no Sistema Nacional de Saúde son medias, de forma que hai pacientes por debaixo destes datos, aqueles cun proceso clinicamente prioritario (p.e.: intervencións ou probas por neoplasias), e outros pacientes que os superan (pacientes con procesos de menor gravidade e clinicamente menos prioritarios).

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2019 09:51:47
Nº Rexistro: 57986
Data envío: 23/10/2019 09:51:47.350

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/10/2019 9:51:31

CSV: BOPGDSPGyjrG90LqM0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 56896**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da implantación dun plan de rexeneración das rías galegas para a lexislatura 2016-2020 e as actuacións que vai levar a cabo para diminuír eficazmente os seus niveis de contaminación”**, (publicada no BOPG número 544 do 9 de outubro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade** que ten o seguinte contido:

“O diagnóstico sobre a calidade das augas das rías xa está efectuado e a planificación de actuacións para mellorar o seu estado tamén.

O Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa do ciclo 2015-2021 realiza unha análise exhaustiva do medio hídrico, analizando os recursos dispoñibles, as demandas, as presións as que está sometido o medio fluvial e, en base a toda esta análise, tendo en conta os datos das redes de control, realízase unha avaliación do estado das masas de auga (ríos, encoros, subterráneas, costeiras e transición) da demarcación. A partir dos resultados desta diagnose establécense as medidas que se deben desenvolver para conseguir unha adecuada xestión dos recursos hídricos e do ciclo integral da auga.

Augas de Galicia actúa como promotora do plan e coordinadora de todo o proceso, pero a planificación hidrolóxica inclúe as medidas a adoptar por parte de todas as autoridades con competencias relacionadas coa xestión da auga, tanto a nivel estatal, autonómico, como local.

O Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa do ciclo 2015-2021, fixa como obxectivos xerais a consecución do bo estado e a axeitada protección das masas de auga da demarcación, a satisfacción das demandas de auga e o equilibrio e harmonización do desenvolvemento rexional e sectorial.



Para acadar este obxectivo, o bo estado das masas de auga, o Plan establece un programa de medidas que recolle as actuacións propostas por todas as autoridades competentes e que se deben levar a cabo polas correspondentes administracións que ostentan diferentes atribucións nesta materia.

Ademais este obxectivo tamén está dotado na programación económica, contemplándose no programa operativo do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional 14-20, que recolle as actuacións cuxa execución está prevista para os próximos seis anos en función das dispoñibilidades das administracións e do programa de medidas do Plan Hidrolóxico Galicia Costa.

Cómpre lembrar que existe un reparto competencial que outorga unhas atribucións determinadas ás distintas administracións públicas e fixa un marco dentro do que cada administración debe traballar, e sempre desde o respecto ás atribucións outorgadas ás demais.

De conformidade coa normativa básica en materia de réxime local, Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, así como a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e coa normativa sectorial en materia de augas, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (que fai referencia expresa e respecta esta lexislación básica e o principio de autonomía local), os concellos teñen a competencia exclusiva en materia de abastecemento e saneamento dos seus sistemas municipais. Teñen as atribucións en materia de subministro de auga, sumidoiros e tratamento de augas residuais, regulándose tamén nesta normativa, como servizos que todo concello debe prestar, por si mesmo ou asociado, entre outros, o de abastecemento domiciliario de auga potable e alcantarillado.

Os concellos son os competentes na xestión das redes de abastecemento e saneamento e, polo tanto, os que teñen a posibilidade de adoptar medidas respecto da xestión destas redes e respecto da forma de utilización dos servizos.

Desde a Xunta vense prestando apoio técnico e financeiro ás administracións locais para que poidan desenvolver dun xeito máis eficaz estas competencias.

Desde o Goberno galego estase a traballar tamén para conseguir o saneamento integral das rías, cun horizonte temporal fixado, mediante a realización dos plans de saneamento local e a programación de actuacións concretas a executar.

Dentro das competencias que ten atribuídas, a Xunta redactou, e continúa redactando, os Plans de saneamento locais das rías co obxectivo de mostrar dunha forma clara e concisa un diagnóstico da situación na que se atopan os sistema de saneamento dos municipios e de establecer unha serie de propostas encamiñadas a emendar de forma integral os problemas detectados.

Grazas á realización dos plans, as entidades locais responsables das infraestruturas e do seu mantemento, dispoñen de todo o necesario para levalo a cabo correctamente: desde exhaustivos planos e trazados dixitalizados das redes, ata instalacións de control e ferramentas informáticas para o seguimento telemático, en tempo real, de calquera tipo de problema”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2019 13:26:15
Nº Rexistro: 58020
Data envío: 23/10/2019 13:26:15.709

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/10/2019 13:26:08

CSV: BOPGDSPGyjrG90LqM0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 56902**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“os datos referidos á execución das obras de reforma do hospital materno-infantil e de construción do novo edificio de hospitalización anunciadas polo Goberno galego no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, así como o orzamento que se vai destinar no ano 2020 para eses fins”**, (publicada no BOPG número 544 do 9 de outubro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

Na plataforma de contratación da Xunta de Galicia (www.contratosdegalicia.gal) publicouse o 13 de maio do 2019 a licitación “AB-SER3-19-051. Redacción do proxecto básico e de execución e da dirección de obra da fase 1 da reprogramación funcional do Plan Director do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense”. Neste momento realízase a avaliación do sobre B das ofertas presentadas polos licitadores.

Dentro da documentación publicada aparece o documento 03_Anexoll-ReprogramacionF-PPT.pdf Este documento explica as actuacións a realizar, fases e etapas no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

En concreto a Fase I, que é a licitada o 13 de maio para proxecto, recolle a reforma do materno infantil e o novo edificio de hospitalización.

O proxecto de execución definirá prazos de obra, características técnicas da construción e orzamento.

O inicio das obras dependerá coma sempre da duración do proceso de licitación do proxecto e do posterior proceso de licitación da obra.



Nos vindeiros días presentaranse no Parlamento os orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2020 que recollerán as dotacións.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:




PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2019 09:51:16
Nº Rexistro: 57985
Data envío: 23/10/2019 09:51:16.084

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/10/2019 9:50:45

CSV: BOPGDSPGyjrG90LqM0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

